

Informe 2020

da Cooperación Galega



XUNTA
DE GALICIA

Edita

Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea
Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo

Textos e coordinación editorial

Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea

Deseño e maquetación

WINDSOCK | www.windsock.es

Fotografías

- Cedidas á Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea polos seguintes axentes de cooperación: Asemblea de Cooperación pola Paz, AIDA-Ayuda Intercambio y Desarrollo, Arquitectura sen Fronteiras, Fundación Ayuda en Acción, Fundación Educación y Cooperación-EDUCO, Fundación Entreculturas - Fe y Alegría, Enxeñería sen Fronteiras, Fundación Balms, Fundación Concordia y Libertad, Fundación Vicente Ferrer, Fundación Interred, Manos Unidas, Oxfam Intermón, Fundación Taller de Solidaridad e Fundación CETMAR.
- Arquivo da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea.



Informe 2020 da Cooperación Galega

Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE
Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo
Xunta de Galicia



XUNTA
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO



cooperacióngalega

Índice

Prólogo do vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo	5
1. Introducción: marco normativo e de planificación de referencia	7
2. A Cooperación Galega 2020 en cifras	9
3. Seguimento do cumprimento de obxectivos do IV Plan director da cooperación galega 2018-2021	20
4. Actuacións de cooperación no exterior	31
4.1 Convocatoria 2020 de proxectos de cooperación de ONGD e outros axentes — 31	
4.2 Convocatoria 2019 de proxectos de cooperación de ONGD e outros axentes — 62	
4.3 Convenios de colaboración para proxectos de cooperación no exterior — 73	
4.3.1 Convenios de colaboración do ano 2020	
4.3.2 Convenios de colaboración do ano 2019	
4.4. Actuacións doutras consellerías — 78	
5. Axuda humanitaria e de emerxencia	79
5.1 Convocatoria para proxectos de acción humanitaria — 79	
5.2 Convenios de colaboración para actuacións de acción humanitaria e de emerxencia — 88	
6. Actuacións de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global	105
6.1 Convocatoria 2020 de proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global — 105	
6.2 Convocatoria 2019 de proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global — 117	
6.3 Convenios de colaboración de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global — 121	
6.3.1 Convenios de colaboración do ano 2020	
6.3.2 Convenios de colaboración do ano 2019	
6.4 Convocatoria 2019 de proxectos e de creación de grupos de investigación para o desenvolvemento — 125	
7. Actuacións de consolidación e fortalecemento	126
7.1 Convenios de colaboración para actividades de fortalecemento — 126	
8. Formación	127
8.1 Bolsas de formación de persoas expertas en cooperación para o desenvolvemento — 127	
8.2 Outras actividades formativas — 127	
9. Coordinación institucional	128
9.1 Comisións, grupos de traballo e outros foros — 128	
9.2 Declaración conxunta das cooperación descentralizadas en resposta á crise da COVID-19 — 129	
9.3 Proceso participativo de elaboración dunha estratexia de resposta á COVID-19 da Cooperación Galega — 130	
10. Viaxes, visitas e reunións institucionais	131
10.1 Viaxe de cooperación ao exterior — 131	
10.2 Visitas e reunións institucionais — 133	
11. Transparencia e rendición de contas	135
11.1 Publicacións — 135	
11.2 Avaliacións — 135	
11.3 Páxina web da Cooperación Galega — 135	

Prólogo do vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo

O ano 2020 estivo marcado pola pandemia global da COVID-19. Sen lugar a dúbidas, esta pandemia constitúe un desafío humanitario a nivel local e global e unha ameaza real para a vida e saúde de toda a humanidade, que está a ter consecuencias graves para o benestar físico, mental, social, económico e ambiental de millóns de persoas en todo o mundo. Ademais dunha irreparable perda de vidas humanas, esta crise multidimensional está a provocar profundos retrocesos nos avances acadados ao abeiro da axenda global de desenvolvemento humano sustentable nos últimos trinta anos, especialmente nos países empobrecidos ou en situación de conflito.

Con todo, este agravamento das pobrezaas, as desigualdades, as vulnerabilidades e a crise climática ten xerado un movemento global de resposta que afirma o deber e compromiso de non deixar a ninguén atrás a través do fortalecemento da cooperación internacional e o reforzamento dos sistemas públicos de saúde e protección social co obxectivo de salvar vidas e protexer as persoas e as comunidades e os seus medios sustentables de vida.

A Cooperación Galega súmase a ese traballo compartido, adaptando os seus esforzos e as súas iniciativas para ofrecer unha resposta á crise eficaz pero global e coordinada con outras administracións públicas.

Con este Informe 2020 da Cooperación Galega queremoslle dar conta á cidadanía das principais actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia durante o pasado ano para lles dar cumprimento aos nosos compromisos coa cooperación para o desenvolvemento, recollidos no IV Plan director da cooperación galega 2018-2021, así como das necesarias adaptacións ao novo marco estratéxico de resposta á COVID-19.

Un ano máis, cumprimos un dos principais compromisos recollidos do IV Plan director, xa que o Plan anual 2020 da Cooperación Galega tivo un orzamento inicial de 6,6 millóns de euros, superior nun 11,61 % ao do ano 2019, nunha clara aposta da Xunta de Galicia por esta política pública, pilar básico da acción exterior da nosa comunidade autónoma. Ese orzamento permitiu o financiamento dun total de 118 actuacións de cooperación no exterior, acción humanitaria e educación para o desenvolvemento, das que 34 teñen continuidade e financiamento comprometido para 2021. Ademais, as actuacións de cooperación para o desenvolvemento e acción humanitaria financiadas desenvolvéronse ou están a desenvolverse en 23 países.

Coa execución do Plan anual 2020 iníciase o segundo bienio do IV Plan director da cooperación galega 2018-2021, que lles dá continuidade aos procesos para fortalecer un sistema galego de cooperación máis estratéxico, eficaz, coordinado e complementario, e que pon en valor a experiencia e capacidades dos actores públicos e dos axentes de cooperación para a consecución de logros colectivos no marco dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.

A Cooperación Galega segue a apostar pola especialización en eidos nos que pode achegar un valor engadido, como a pesca e a acuicultura ou a xestión dos recursos hídricos, e a fomentar a educación para o desenvolvemento e a cidadanía global, tendo en conta que se trata dunha liña estratéxica para a meirande parte das ONGD galegas.

Coa publicación deste informe preténdese garantir o principio de transparencia na actuación das administracións públicas, rendéndolle contas á cidadanía das intervencións levadas a cabo no marco da política galega de cooperación para o desenvolvemento durante o ano 2020.

Alfonso Rueda Valenzuela
Vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia,
Xustiza e Turismo



I. Introducción: marco normativo e de planificación de referencia

No ano 2020 o marco normativo e de planificación no ámbito da cooperación para o desenvolvemento e a acción humanitaria vén establecido en Galicia polos seguintes instrumentos:

- A Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento (DOG núm. 128, do 3 de xullo), que pon de manifesto o interese, a responsabilidade e a solidariedade da sociedade civil galega e as súas institucións coa eliminación da pobreza no ámbito mundial, ben que no ano 2020 se estivo a traballar nunha actualización normativa, con vistas a unha nova regulación. No momento de publicación deste informe está en vigor a nova Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia (DOG núm. 50, do 15 de marzo).
- O Decreto 29/2017, do 9 de marzo, de cooperación para o desenvolvemento (DOG núm. 58, do 23 de marzo).

O Plan anual 2020 da Cooperación Galega (cuxos resultados son obxecto deste informe) enmárcase no IV Plan director da cooperación galega 2018-2021, que foi aprobado polo Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento o 18 de abril de 2018, polo Consello da Xunta de Galicia o 3 de maio de 2018 e, finalmente, polo Parlamento de Galicia o 22 de xuño de 2018.

O IV Plan director da cooperación galega 2018-2021 enmárcase na axenda global de desenvolvemento, definida pola Axenda 2030 para o desenvolvemento sustentable das Nacións Unidas. Este marco de acción, que substitúe a Declaración do Milenio e os seus Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio (ODM), constitúe o referente para as políticas de cooperación e desenvolvemento, para os instrumentos de financiamento e para as alianzas no ámbito mundial. A Axenda 2030 e os seus Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) demandan unha

política pública de cooperación centrada na xeración de cambios positivos e sustentables nas condicións de vida das persoas nas comunidades e países cos que se asocia a Cooperación Galega, promovendo alianzas para a conservación do noso planeta, a construción da paz, a realización dos dereitos humanos e unha prosperidade compartida. Así mesmo, daráselles continuidade aos procesos para fortalecer un sistema galego de cooperación máis estratéxico, eficaz, coordinado e complementario, poñendo en valor a experiencia e capacidades dos actores públicos e dos axentes de cooperación para a consecución de logros colectivos no marco dos ODS.

Dentro do proceso de consolidación da mellora da calidade e eficacia da Cooperación Galega, a estratexia presenta as seguintes características diferenciadoras:

- O aliñamento coa Axenda 2030 para o desenvolvemento sustentable das Nacións Unidas, contribuíndo aos esforzos colectivos da cidadanía galega e dos actores públicos e axentes de cooperación para a consecución dos ODS.
- A continuidade na planificación estratéxica baseada no modelo de xestión orientada a resultados de desenvolvemento, que reforza, pola súa vez, a identidade, as vantaxes comparativas e o valor engadido da Cooperación Galega.
- A previsibilidade dos recursos dispoñibles no marco dun crecemento sustentable do Programa 331A de cooperación exterior para o desenvolvemento da Xunta de Galicia.
- A transparencia e promoción dunha participación ampla e activa dos actores e axentes galegos de cooperación durante o seu proceso de elaboración, de tal xeito que resulte coherente cos principios dunha política pública participativa e participada.



2. A Cooperación Galega 2020 en cifras

A modo de resumo, a execución do Plan anual 2020 traducida a cifras sería a seguinte:

- Un orzamento final de 6.573.709 € procedentes do programa 331-A: Cooperación exterior e ao desenvolvemento, incluídos 252.000 € transferidos pola Secretaría Xeral da Igualdade procedentes do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero. Debido á situación de emerxencia sanitaria declarada en Galicia no mes de marzo como consecuencia da COVID-19, traspasáronse 325.260 € do orzamento de cooperación ao Fondo de Continxencia COVID-19 creado pola Xunta para lle dar resposta á crise.
- Ao importe anterior hai que lle engadir 100.000 € de gastos correntes do capítulo II do programa 111-E de funcionamento da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE (en diante, DXRREE e coa UE).
- Un 100 % de execución orzamentaria.
- Un 100 % dos compromisos adquiridos pagos.
- Continuidade dos 47 proxectos cuxo financiamento foi aprobado no ano 2019 (no marco das diferentes convocatorias ou a través da sinatura de convenios) e que tiñan anualidade 2020.
- Publicación e resolución de 4 convocatorias públicas de axudas para proxectos de cooperación no exterior, de educación para o desenvolvemento e de acción humanitaria, cun total de 42 proxectos aprobados (dos que 36 teñen continuidade e financiamento comprometido para o ano 2021).
- Prórroga da convocatoria realizada en 2019 de 6 bolsas de formación de persoas expertas en cooperación internacional para o desenvolvemento.
- 13 novos convenios de colaboración asinados, ademais dunha prórroga e unha addenda con diferentes entidades.
- 118 actuacións financiadas con cargo ao orzamento do ano 2020.
- Intervencións de cooperación para o desenvolvemento e acción humanitaria financiadas en 23 países e nos campamentos de refuxiados saharauís e nos Territorios Palestinos.
- Un 78 % do orzamento operativo de gastos destinado a convocatorias públicas.
- Un 76 % do orzamento operativo de gastos destinado a ONGD.
- Un 12 % do orzamento operativo de gastos destinado a actuacións de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global.
- Un 15,5 % do orzamento operativo de gastos destinado a actuacións de acción humanitaria.
- Un 70 % do orzamento operativo de gastos destinado a actuacións de cooperación para o desenvolvemento.
- 305.109,62 € procedentes dos orzamentos doutras consellerías destinados a cooperación para o desenvolvemento.
- 6.978.818,62 € dos orzamentos da Xunta de Galicia destinados a Axuda Oficial ao Desenvolvemento (AOD) no 2020.

2. A Cooperación Galega 2020 en cifras

Táboa 1. Distribución do orzamento da Cooperación Galega no ano 2020

CAPÍTULO	CONCEPTO	ORZAMENTO (€)	
		INICIAL	FINAL
Capítulo I	Gastos de persoal	528.435,00	528.435,00
Capítulo II	Gastos de funcionamento	100.000,00	100.000,00
Capítulo IV	Transferencias correntes	5.669.792,00	5.231.799,51 ⁽¹⁾
	Transferencias institucións sen fins de lucro	572.730,00	496.473,97
	Transferencias a universidades	115.007,00	75.000,00
	Actuacións de cooperación no exterior	4.573.530,00	4.251.800,54 ⁽²⁾
	Convenio CGONGD	100.000,00	100.000,00
	Convenio Fondo Galego	60.000,00	60.000,00
	Bolsas formación en cooperación	95.000,00	95.000,00
	SS bolsas formación en cooperación	3.525,00	3.525,00
	Convenio Fondo Humanitario AECID	50.000,00	50.000,00
	Convenio SOGAPS	100.000,00	100.000,00
Capítulo VI	Investimentos reais	70.000,00	45.152,92
Capítulo VII	Transferencias de capital	378.742,00	768.321,57
	Actuacións de cooperación no exterior	378.742,00	768.321,57
TOTAL ORZAMENTO DXRREE E COA UE (Área de Cooperación para o Desenvolvemento)		6.746.969,00	6.673.709,00
Consellerías			305.109,62
Consellería de Política Social			100.000,00
Consellería do Mar			130.109,62
Augas de Galicia(Consellería de Infraestruturas e Mobilidade)			75.000,00
TOTAL ORZAMENTO XUNTA DE GALICIA			6.978.818,62

(1) Descontados 325.260 € que se traspasaron do orzamento de cooperación ao Fondo de Continxencia COVID-19.

(2) Incorporados 252.000 € transferidos da Secretaría Xeral da Igualdade procedentes do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

2. A Cooperación Galega 2020 en cifras

Ao final do ano 2020 os recursos totais destinados pola Xunta de Galicia á cooperación para o desenvolvemento foron superiores aos inicialmente previstos no plan anual, debido ao financiamento de actuacións a través de fondos procedentes doutros programas orzamentarios diferentes ao específico de cooperación exterior.

Na táboa 2 e seguintes téñense en conta exclusivamente as achegas da DXRREE e coa UE, non as doutros departamentos da Xunta de Galicia.

Táboa 2. Detalle do gasto por tipo de actividade durante o ano 2020

	TIPO DE INSTRUMENTO	Nº INTERVENCIÓNS	IMPORTE (€)	
Cooperación ao desenvolvemento	Convocatoria proxectos ONGD	41	3.524.887,44	4.332.643,65
	Convocatoria proxectos outros axentes	4	340.984,50	
	Convenios	7	466.771,71	
Acción humanitaria	Convocatoria	6	296.480,18	837.478,13
	Convenios e addendas	19	540.997,95	
Educación para o desenvolvemento e a cidadanía global	Convocatoria Educación para o desenvolvemento e a cidadanía global	24	419.280,33	731.473,52
	Convenios Educación para o desenvolvemento e a cidadanía global + Fortalecemento	4	237.193,19	
	Convocatoria Investigación para o desenvolvemento	5	75.000,00	
Formación	Convocatoria bolsas	6	98.525,00	98.525,00
Outros	Asistencias técnicas (avaliacións, estudos, informes)		45.152,92	45.152,92
TOTAL			6.045.274,00	

Tal e como se desprende da táboa 2, no ano 2020 foron destinados a gastos de actividades un total de 6.045.274,00 €, o que representa un 90,58 % do orzamento final de cooperación da DXRREE e coa UE.




2. A Cooperación Galega 2020 en cifras

Táboa 3. Distribución xeográfica da axuda de cooperación para o desenvolvemento da DXRREE e coa UE⁽¹⁾

REXIÓN	PAÍS	IMPORTE (€)	N.º INTERVENCIÓNS	PORCENTAXE DE FONDOS POR PAÍS
América do Sur	Bolivia	314.891,38	4	7,27 %
	Ecuador	172.349,30	2	3,98 %
	O Perú	659.071,71	7	15,21 %
América Central e Caribe	O Salvador	326.908,28	3	7,55 %
	Guatemala	900.507,37	11	20,78 %
	Honduras	364.559,91	4	8,41 %
	Nicaragua	454.946,00	5	10,50 %
	A República Dominicana	550.074,70	7	12,70 %
	Venezuela	100.000,00	1	2,31 %
	Cuba	58.150,00	2	1,34 %
África	Guinea-Bissau	70.000,00	1	1,62 %
	Serra Leona	105.000,00	1	2,42 %
	Mozambique	116.185,20	2	2,68 %
Asia	A India	70.000,00	1	1,62 %
	Territorios Palestinos	69.999,80	1	1,62 %
TOTAL		4.332.643,65	52	100,00 %

No IV Plan director da cooperación galega 2018-2021 ampliouse de 10 a 11 o número de países prioritarios e engadiuse de novo Guinea-Bissau, xa presente no II Plan director. Tal e como amosa a táboa 3 e o seu gráfico adxunto, durante o ano 2020 executáronse intervencións de cooperación para o desenvolvemento en 14 países e nos Territorios Palestinos, logrando un bo grao de concentración, tendo en conta ademais que o 91 % da axuda desembolsada no exterior en cooperación para o desenvolvemento pola DXRREE e UE concentrouse en 10 dos 11 países prioritarios.




(1) Non se inclúen os datos de Acción Humanitaria.

2. A Cooperación Galega 2020 en cifras

Táboa 4. Distribución xeográfica da acción humanitaria

REXIÓN	PAÍS	IMPORTE (€)	N.º INTERVENCIÓNS	PORCENTAXE DE FONDOS POR PAÍS
África	Alxeria (campamentos saharauís)	112.500,00	2	13,43 %
	Malawi	49.081,76	1	5,86 %
	Mozambique	65.831,73	3	7,86 %
	Kenia	50.000,00	1	5,97 %
	Rep. Democrática do Congo	84.000,00	1	10,03 %
	Nixeria	30.000,00	1	3,58 %
	Malí	62.500,00	2	7,46 %
	Uganda	93.691,65	2	11,19 %
Asia	Iraq	8.716,65	1	1,04 %
	O Líbano	6.716,65	1	0,80 %
	O Iemen	10.264,65	1	1,23 %
	Territorios Palestinos	122.716,65	3	14,65 %
América Central e do Sur	A República Dominicana	100.000,00	2	11,94 %
	Guatemala	10.908,31	2	1,30 %
	Venezuela	12.500,00	1	1,49 %
	Nicaragua	4.166,66	1	0,50 %
	Honduras	13.883,31	2	1,66 %
TOTAL		837.478,13	27	100 %

Polo que respecta á distribución xeográfica da acción humanitaria, como se desprende da táboa 4, financiáronse actuacións de axuda humanitaria e de emerxencia en 15 países, nos campamentos saharauís e nos Territorios Palestinos.



2. A Cooperación Galega 2020 en cifras

O IV Plan director propón unha nova lista de cinco ámbitos estratéxicos para a Cooperación Galega. A delimitación destas prioridades sectoriais obedece, por unha banda, á aspiración de promover a Axenda 2030 e os ODS, abranguendo as súas cinco esferas (persoas, planeta, prosperidade, paz e partenariado/alianzas) e, por outra, á coherencia cos valores diferenciais e a especialización da Cooperación Galega dentro da súa experiencia e traxectoria.

1. Promover o exercicio dos dereitos sociais básicos (saúde, educación, alimentación, hábitat e auga e saneamento básico) polas persoas e colectivos máis pobres e vulnerables.
2. Apoiar a agricultura, a pesca e a acuicultura sustentables, preservando os recursos naturais no marco de modelos de desenvolvemento rural e territorial integrados, inclusivos, solidarios e redistributivos para unha prosperidade compartida.
3. Impulsar a equidade de xénero e mais o apoderamento e o exercicio de dereitos das mulleres e da infancia.
4. Paliar e reducir a vulnerabilidade respondendo ás crises humanitarias con eficacia e calidade.
5. Construír unha cidadanía global comprometida coa transformación social, a solidariedade e o desenvolvemento humano sustentable.

Establécese que, como mínimo, o 90 % do total da axuda que desembolsa a DXRREE e coa UE se destine a estes cinco ámbitos estratéxicos, de forma que o 60-75 % desta axuda irá enfocada a reforzar a especialización sectorial estratéxica da cooperación exterior (primeiros tres puntos); o 10-15 % a asegurar unha acción humanitaria integral e de calidade (punto 4); e o 10-15 % restante a desenvolver operativamente a estratexia de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global da Cooperación Galega (punto 5).



2. A Cooperación Galega 2020 en cifras

Táboa 5. Distribución sectorial

SECTOR IV PD COOPERACIÓN GALEGA		IMPORTE (€)	PORCENTAXE ACADADA 2020 SOBRE ORZAMENTO OPERATIVO (CAPS. IV, VI, VII)	PORCENTAXE ACADADA 2020 SOBRE AXUDA DESEMBOLSADA A TRAVÉS DE CONVOCATORIAS E CONVENIOS	PORCENTAXE OBJECTIVO DO IV PD
1	Promover o exercicio dos dereitos sociais básicos (saúde, educación, alimentación, hábitat e auga e saneamento básico) polas persoas e colectivos máis pobres e vulnerables.	2.086.698,08	34,52 %	34,78 %	60-75 %
2	Apoiar a agricultura, a pesca e a acuicultura sustentables, preservando os recursos naturais no marco de modelos de desenvolvemento rural e territorial integrados, inclusivos, solidarios e redistributivos para unha prosperidade compartida.	933.633,51	15,44 %	15,56 %	
3	Impulsar a equidade de xénero e mais o apoderamento e o exercicio dos dereitos das mulleres e da infancia.	1.312.312,06	21,71 %	21,87 %	
4	Paliar e reducir a vulnerabilidade respondendo ás crises humanitarias con eficacia e calidade.	837.478,13	13,85 %	13,96 %	10-15 %
5	Construír unha cidadanía global comprometida coa transformación social, a solidariedade e o desenvolvemento humano sustentable.	731.473,52	12,10 %	12,19 %	10-15 %
TOTAL		5.901.596,08	97,62 %	98,36 %	100 %

Se consideramos os intervalos de porcentaxes establecidos como obxectivo no IV Plan director, obsérvase que se acadaron os mínimos propostos en todos os sectores.




2. A Cooperación Galega 2020 en cifras

Táboa 6. Distribución por tipo de instrumento

TIPO DE INSTRUMENTO	IMPORTE (€)	DESAGREGACIÓN	IMPORTE (€)
Convocatorias	4.755.157,45	Proxectos ONGD	3.524.887,44
		Outros axentes	340.984,50
		Acción humanitaria	296.480,18
		Educación para o desenvolvemento e a Cidadanía Global	419.280,33
		Investigación	75.000,00
		Bolsas	98.525,00
Convenios	1.244.962,85	Cooperación ao desenvolvemento	466.771,71
		Acción humanitaria	540.997,95
		Educación para o desenvolvemento + Fortalecemento	237.193,19
Capítulo VI	45.152,92		45.152,92
TOTAL			6.045.274,00

Polo que respecta á repartición da axuda en función do instrumento empregado, segundo se desprende da táboa 6, a Cooperación Galega segue apostando pola canalización de fondos a través de convocatorias públicas de axuda, empregando os convenios de colaboración de maneira excepcional.




2. A Cooperación Galega 2020 en cifras

Táboa 7. Distribución por tipo de axente

TIPO DE AXENTE	IMPORTE (€)	N.º INTERVENCIÓNS	PORCENTAXE
ONGD	4.193.743,14	69	71,1 %
Agrupacións mixtas	521.032,66	10	8,8 %
Outros	274.799,30	3	4,7 %
Universidades	42.500,00	3	0,7 %
Empresas	139.370,20	2	2,4 %
CGONGD	100.000,00	1	1,7 %
Fondo Galego	60.000,00	1	1,0 %
Axencias internacionais sistema NN.UU.	520.150,00	9	8,8 %
AECID	50.000,00	1	0,8 %
TOTAL	5.901.596,08	99	100,00 %

Dado que, a excepción dos convenios e da convocatoria doutros axentes para proxectos no exterior e a convocatoria de investigación para o desenvolvemento, o resto de convocatorias son exclusivas para ONGD, a distribución das axudas por tipo de axente establecida na táboa 7 e no seu gráfico adxunto amosa, como xa é habitual, a preponderancia das intervencións executadas a través das ONGD, que representa o 71,1 % dos recursos destinados ao financiamento de proxectos.





3. Seguimento do cumprimento de obxectivos do IV Plan director da cooperación galega 2018-2021

RESULTADO DE XESTIÓN 1 A COOPERACIÓN GALEGA ALIÑA O SEU MARCO ESTRATÉGICO E OPERATIVO COA AXENDA 2030 E OS ODS			
LIÑAS DE ACCIÓN	INDICADORES ⁽¹⁾	PRODUTOS	SEGUIMENTO
L.A.1.1. Reforzar a coherencia de políticas en todos os niveis da Administración pública galega.	1.1.1. Aprobada unha declaración institucional no Parlamento de Galicia en favor da Axenda 2030 para o desenvolvemento sustentable das Nacións Unidas.	1. Declaración institucional do Parlamento de Galicia.	Con motivo da celebración do Día Internacional para a Erradicación da Pobreza 2020, o Parlamento de Galicia aprobou unha declaración institucional na que reitera o seu compromiso cos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) das Nacións Unidas, en especial co primeiro, no que se establece que “Para 2030, reducir polo menos á metade a proporción de homes, mulleres e nenos de todas as idades que viven na pobreza”.
	1.1.2. Constituído un grupo interdepartamental da Xunta de Galicia para a Axenda 2030.	2. Grupo Interdepartamental da Xunta de Galicia para a Axenda 2030.	No ano 2020 a Comisión interdepartamental para o seguimento da Axenda 2030 en Galicia, creada polo Decreto 142/2019, do 31 de outubro, reuniuse en sesión ordinaria no mes de novembro para a presentación das principais conclusións obtidas a través do diagnóstico da Axenda 2030 en Galicia.
L.A.1.2. Fomentar a participación e o diálogo de políticas no Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento.	1.2.1. Número de reunións dos grupos de traballo do Congacode.	3. Actas dos grupos de traballo.	Tivo lugar unha reunión do Grupo de Traballo de Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global o 26 de febreiro do 2020.

(1) Os indicadores teñen como horizonte temporal o remate da vixencia do IV Plan director no 2021.

3. Seguimento do cumprimento de obxectivos do IV Plan director da cooperación galega 2018-2021

RESULTADO DE XESTIÓN 1 A COOPERACIÓN GALEGA ALIÑA O SEU MARCO ESTRATÉXICO E OPERATIVO COA AXENDA 2030 E OS ODS			
LIÑAS DE ACCIÓN	INDICADORES ⁽¹⁾	PRODUTOS	SEGUIMENTO
L.A.1.3. Garantir a previsibilidade dos recursos orzamentarios.	1.3.1. O Programa 331A de cooperación exterior ao desenvolvemento estará dotado, como mínimo, cun volume anual de fondos equivalente ao aprobado para este programa na Lei xeral de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para 2018 (5 027 160 €), e garantirase un crecemento anual deste programa igual ou superior ao 11,4 %.	4. Orzamento do Programa 331A de cooperación exterior ao desenvolvemento aprobado.	Para o ano 2020 a dotación inicial do programa 331A: Cooperación Exterior e ó Desenvolvemento elevouse a 6.646.969 €, é dicir 1.036.258 € máis que a do ano 2019, o que representaba un incremento dun 18,47 % sobre o orzamento do devandito programa respecto ao do ano anterior. Debido á situación de emerxencia sanitaria declarada en Galicia como consecuencia da COVID-19, traspasáronse 325.260 € do orzamento de cooperación ao Fondo de continxencia COVID-19 creado pola Xunta. Esa redución viuse compensada polo incremento do orzamento de cooperación en 252.000 € que foron transferidos pola Secretaría Xeral da Igualdade procedentes do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero. En definitiva, o orzamento final do programa 331A: Cooperación Exterior e ó Desenvolvemento elevouse a 6.573.709 €, o que supón un incremento final do 17,2 % respecto do orzamento de 2019.

(1) Os indicadores teñen como horizonte temporal o remate da vixencia do IV Plan director no 2021.

3. Seguimento do cumprimento de obxectivos do IV Plan director da cooperación galega 2018-2021

RESULTADO DE XESTIÓN 2			
A COOPERACIÓN GALEGA CONCENTRA A SÚA AXUDA NO EXTERIOR CON CRITERIOS DE EFICACIA			
LIÑAS DE ACCIÓN	INDICADORES	PRODUTOS	SEGUIMENTO
L.A.2.1. Concentrar a axuda en cooperación ao desenvolvemento nos 11 países prioritarios.	2.1.1. Como mínimo o 90 % da axuda desembolsada no exterior en cooperación ao desenvolvemento pola DXRREE e coa UE concéntrase nos 11 países prioritarios.	5. Proxectos no exterior executados nos países prioritarios.	Máis do 91 % da axuda desembolsada no exterior en cooperación ao desenvolvemento pola DXRREE e UE concentrouse en 10 dos 11 países prioritarios.
L.A.2.2. Asegurar que unha parte da axuda se destina aos países menos adiantados.	2.2.1. Un 20-25 % da axuda desembolsada no exterior pola DXRREE e coa UE destinada aos países menos adiantados.	6. Proxectos no exterior executados en países menos adiantados.	A axuda desembolsada nos países menos adiantados no 2020 (656.555,00 €) representa un 13 % de toda a axuda desembolsada no exterior 5.170.121,78 €).
L.A.2.3. Incrementar os fondos dirixidos a actuacións con marcos de planificación plurianuais.	2.3.1. Como mínimo un 20-30 % da axuda desembolsada en cooperación exterior ao desenvolvemento e en educación para o desenvolvemento e a cidadanía global pola DXRREE e coa UE, dirixida a actuacións integradas en proxectos ou estratexias dos axentes con marcos de planificación a medio prazo, ou que dean continuidade a intervencións previas.	7. Proxectos con marcos de planificación plurianual financiados.	A porcentaxe de axuda desembolsada pola DXRREE e UE para proxectos no exterior e EDCG que foi dirixida a actuación integradas en proxectos ou estratexias dos axentes con marcos de planificación a medio prazo ou que dan continuidade a intervencións previas elevouse a un 37 % (1.858.207,11€)



3. Seguimento do cumprimento de obxectivos do IV Plan director da cooperación galega 2018-2021

RESULTADO DE XESTIÓN 3			
A COOPERACIÓN GALEGA ESPECIALIZA A SÚA AXUDA NOS SECTORES NOS QUE CONTA CON VALOR ENGADIDO OU VANTAXES COMPARATIVAS			
LIÑAS DE ACCIÓN	INDICADORES	PRODUTOS	SEGUIMENTO
L.A.3.1. Reforzar a especialización sectorial estratéxica da cooperación exterior.	3.1.1. O 60-75 % do total da axuda desembolsada a través de convocatorias e convenios pola DXRREE e coa UE destinarase aos tres ámbitos estratéxicos relativos á cooperación ao desenvolvemento.	8. Proxectos e intervencións executadas en cada un dos ámbitos estratéxicos.	O 72 % do total da axuda desembolsada a través de convocatorias e convenios pola DXRREE e UE destinouse aos tres ámbitos estratéxicos relativos á cooperación ao desenvolvemento: promover o exercicio dos dereitos sociais básicos; apoiar agricultura, pesca e acuicultura sostibles; e impulsar a equidade de xénero.
	3.1.2. O 10-15 % do total da axuda desembolsada a través de convocatorias e convenios pola DXRREE e coa UE destinarase ao ámbito estratéxico da acción humanitaria.		O 14 % do total da axuda desembolsada a través de convocatorias e convenios pola DXRREE e UE destinouse ao ámbito estratéxico da acción humanitaria.
	3.1.3. O 10-15 % do total da axuda desembolsable a través de convocatorias e convenios pola DXRREE e coa UE destinarase ao ámbito estratéxico da educación para o desenvolvemento e a cidadanía global.		O 12 % do total da axuda desembolsable a través de convocatorias e convenios pola DXRREE e UE destinouse ao ámbito estratéxico da educación para o desenvolvemento e a cidadanía global.



3. Seguimento do cumprimento de obxectivos do IV Plan director da cooperación galega 2018-2021

RESULTADO DE XESTIÓN 3 A COOPERACIÓN GALEGA ESPECIALIZA A SÚA AXUDA NOS SECTORES NOS QUE CONTA CON VALOR ENGADIDO OU VANTAXES COMPARATIVAS			
LIÑAS DE ACCIÓN	INDICADORES	PRODUTOS	SEGUIMENTO
L.A.3.2. Realizar unha acción humanitaria integral e de calidade.	3.2.1. Un 20 % dos recursos desembolsables no exterior da DXRREE e coa UE destinarase a acción humanitaria.	9. Proxectos financiados en acción humanitaria.	O 16,20 % dos recursos desembolsables no exterior da DXRREE e UE destinarase a acción humanitaria.
	3.2.2. Como mínimo, un 50 % da axuda desembolsada en acción humanitaria pola DXRREE e coa UE canalizarase por medio de convocatoria pública.	10. Convocatorias de acción humanitaria resoltas.	O 35,40 % da axuda desembolsada en acción humanitaria pola DXRREE e UE canalízase por medio de convocatoria pública, e o 64,60 % a través de convenio.
	3.2.3. Número de convenios subscritos pola Xunta de Galicia con axentes especializados en acción humanitaria para a atención de emerxencias, crises humanitarias e poboación refuxiada e desprazada.	11. Convenios en acción humanitaria subscritos.	Asinados 7 convenios, un Acordo de prórroga e unha addenda, subscritos pola Xunta de Galicia con axentes especializados en acción humanitaria para a atención de emerxencias, crises humanitarias e poboación refuxiada e desprazada.
	3.2.4. Achegas económicas ao Fondo humanitario común coordinado pola AECID realizadas pola Xunta de Galicia.	12. Achegas económicas realizadas ao Fondo humanitario común.	Sinatura do Acordo de prórroga do Convenio entre a cooperación descentralizada e a Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento para a actuación conxunta e coordinada en materia de acción humanitaria, a través do cal se fixo unha achega de 50.000 €, sendo a dotación total para este ano de 1.600.000 €.
L.A.3.3. Executar a Estratexia de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global da cooperación galega.	3.3.1. Grao de execución da programación anual do marco de resultados da Estratexia de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global, aprobada polo Grupo de Traballo de Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global do Congacode.	13. Actas do Grupo de Traballo de Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global do Congacode.	Avanzouse no cumprimento do marco de resultados da Estratexia de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global, informando deste no marco da reunión do Grupo de Traballo de Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global que tivo lugar o 26 de febreiro do 2020.
		14. Programación anual do marco de resultados da Estratexia de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global.	

3. Seguimento do cumprimento de obxectivos do IV Plan director da cooperación galega 2018-2021

RESULTADO DE XESTIÓN 4 OS ACTORES E AXENTES DA COOPERACIÓN GALEGA COORDINAN E COMPLEMENTAN AS SÚAS ACTUACIÓNS PARA CONTRIBUÍR AOS RESULTADOS DE DESENVOLVEMENTO DA COOPERACIÓN ESPAÑOLA			
LIÑAS DE ACCIÓN	INDICADORES	PRODUTOS	SEGUIMIENTO
L.A.4.1. Participar activamente nos espazos e iniciativas de coordinación da cooperación española.	4.1.1. Número de reunións da Comisión Interterritorial de Cooperación ao Desenvolvemento do Grupo de Alto Nivel para a Axenda 2030 e dos encontros de comunidades autónomas e cooperación nos que participa a Xunta de Galicia.	15. Reunións da Comisión Interterritorial de Cooperación ao Desenvolvemento da cooperación española realizadas.	Galicia participou na reunión que tivo lugar no mes de decembro.
		16. Reunións do Grupo de Alto Nivel para a Axenda 2030 realizadas.	Non se convocaron reunións deste Grupo no ano 2020.
		17. Encontros de comunidades autónomas e cooperación realizados.	A Xunta participou no XIII Encontro de Comunidades Autónomas e Cooperación para o Desenvolvemento, celebrado en Bilbao os días 19 e 20 de febreiro.
L.A.4.2. Incentivar a actuación conxunta e complementaria dos actores e axentes galegos de cooperación.	4.2.1. Un 20- 30 % da axuda total desembolsada a través das convocatorias e convenios da DXRREE e coa UE aos axentes de cooperación financian proxectos en agrupación.	18. Proxectos en agrupación financiados.	Un 23,78 % (1.426.895,16 €) da axuda total desembolsada a través das convocatorias e convenios da DXRREE e UE aos axentes de cooperación (6.000.121,08 €) financian proxectos en agrupación.
L.A.4.3. Reforzar a colaboración transfronteiriza cos axentes portugueses de cooperación.	4.3.1. Número de actividades financiadas pola DXRREE e coa UE aos axentes de cooperación nas que participan axentes de cooperación portugueses.	19. Proxectos financiados pola DXRREE e UE.	No marco do convenio asinado co Fondo Galego elaborouse un memorando de entendemento e unha base de datos da Rede de Autoridades Locais da Lusofonía polos ODS. Tamén 27 representantes da Administración local galega e de Países de Lingua Oficial Portuguesa participan nunha campaña de concienciación sobre o impacto da COVID-19 nos países máis empobrecidos.

3. Seguimento do cumprimento de obxectivos do IV Plan director da cooperación galega 2018-2021

RESULTADO DE XESTIÓN 5 OS ACTORES E AXENTES DA COOPERACIÓN GALEGA FORTALECEN A SÚA CAPACIDADE INSTITUCIONAL PARA A CONSECUCIÓN DOS ODS			
LIÑAS DE ACCIÓN	INDICADORES	PRODUTOS	SEGUIMENTO
L.A.5.1. Reforzar as capacidades técnicas e de xestión da DXRREE e coa UE.	5.1.2. Número de asistencias técnicas orientadas ao reforzamento da capacidade da DXRREE e coa UE en acción humanitaria, avaliación e educación para o desenvolvemento.	20. Asistencias técnicas realizadas.	Contratáronse asistencias técnicas especializadas para as avaliacións <i>ex ante</i> dos proxectos presentados ás convocatorias, así como para a realización da avaliación intermedia do IV Plan director, para a elaboración da Estratexia de resposta fronte á COVID-19 da Cooperación Galega e para a maquetación e deseño do Informe 2019 da Cooperación Galega.
L.A.5.2. Fortalecer a capacidade da Coordinadora Galega de ONGD, Fondo Galego e das universidades galegas integradas na Rede galega de cooperación universitaria para o desenvolvemento.	5.2.1. Número de convenios formalizados pola DXRREE e coa UE coa Coordinadora Galega de ONGD, Fondo Galego e universidades galegas integradas na Rede galega de cooperación universitaria para o desenvolvemento.	21. Convenios formalizados anualmente coa CGONGD, o Fondo Galego e universidades da Rede galega de cooperación universitaria para o desenvolvemento.	Asináronse dous convenios, un coa CGONGD (100.000 €) e outro co Fondo Galego (60.000 €). Estaba previsto asinar un novo convenio coas universidades en apoio á Rede Galega de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento, pero non se recibiu a proposta das Universidades debido ás dificultades xeradas pola pandemia da COVID-19.



3. Seguimento do cumprimento de obxectivos do IV Plan director da cooperación galega 2018-2021

RESULTADO DE XESTIÓN 5 OS ACTORES E AXENTES DA COOPERACIÓN GALEGA FORTALECEN A SÚA CAPACIDADE INSTITUCIONAL PARA A CONSECUCIÓN DOS ODS			
LIÑAS DE ACCIÓN	INDICADORES	PRODUTOS	SEGUIMENTO
L.A.5.3. Apoiar a formación e capacitación especializada dos actores e axentes galegos de cooperación.	5.3.1. Número de actividades de formación e capacitación especializada financiadas a través dos convenios coa Coordinadora Galega de ONGD, Fondo Galego e universidades galegas integradas na Rede galega de cooperación universitaria para o desenvolvemento.	22. Informes de execución dos convenios formalizados coa CGONGD, Fondo Galego e universidades da Rede galega de cooperación universitaria para o desenvolvemento.	No ano 2020, no marco do convenio anual co Fondo Galego, púxose en marcha unha plataforma en liña de formación sobre municipalismo e ODS, e ofertouse o primeiro curso, 'Localizando a Axenda 2030: O papel clave dos municipios na consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible', ao que asistiron 20 persoas representantes políticas ou técnicas da Administración local galega. Acompañouse tamén a 3 concellos (Cabanas, Pontedeume e San Sadurniño) na elaboración dos Plans de implementación da Axenda 2030. No marco do convenio coa CGONGD, ofertáronse catro formacións de ámbito autonómico: 1.- "Ferramentas, metodoloxías e habilidades para traballar a Educación para a Cidadanía Global dende o espazo virtual" ao que asistiron 29 persoas. 2.- Curso sobre "Procesos, usos e necesidades para o traballo en liña nas organizacións" ao que asistiron 26 persoas. 3.- "Enfoque de xénero baseado nos dereitos humanos" que contou coa asistencia de 30 persoas. 4.- Curso de "Xestión baseada en Resultados de desenvolvemento" cuxa asistencia foi de 28 persoas. Xunto a estes, persoal galego das ONGD e membros da Xunta Directiva da CGONGD formáronse no marco dos cursos ofertados pola Coordinadora Estatal sobre: oportunidades de financiamento e licitacións, estratexias de comunicación dixital e voluntariado. Tamén se participou no "V Congreso Internacional de Estudos do Desenvolvemento de Hegoa. "Desafíos ao desenvolvemento: procesos de cambio cara á xustiza global" No 2020 non se asinou o convenio da RGCUD coas universidades.

3. Seguimento do cumprimento de obxectivos do IV Plan director da cooperación galega 2018-2021

RESULTADO DE XESTIÓN 5 OS ACTORES E AXENTES DA COOPERACIÓN GALEGA FORTALECEN A SÚA CAPACIDADE INSTITUCIONAL PARA A CONSECUCIÓN DOS ODS			
LIÑAS DE ACCIÓN	INDICADORES	PRODUTOS	SEGUIMENTO
L.A.5.3. Apoiar a formación e capacitación especializada dos actores e axentes galegos de cooperación. (cont.)	5.3.2. Número de bolsas de formación de persoas expertas en cooperación para o desenvolvemento concedidas.	23. Bolsas de formación de persoas expertas concedidas.	No 2020 prorrogáronse as 6 bolsas de formación de persoas expertas en cooperación internacional para o desenvolvemento, concedidas ao abeiro da convocatoria de 2019, das que 2 desfrútanse na sede da DXRREE e UE e as 4 restantes no exterior (A República Dominicana, Guatemala, O Perú e Mozambique).
		24. Estudo sobre o impacto das bolsas de formación de persoas expertas.	No 2019 realizouse unha avaliación ex post do programa de bolsas de formación de persoas expertas en cooperación internacional dende o seu inicio.
		25. Estudo de revisión da convocatoria de fortalecemento e consolidación, e sobre as necesidades de fortalecemento e capacitación dos axentes galegos de cooperación.	Non se produciron avances neste eido no ano 2020.
L.A.5.4. Reforzar a cultura de avaliación, investigación e aprendizaxe colectiva dos actores e axentes de cooperación.	5.4.1. Un documento marco de avaliación da cooperación galega elaborado participativamente e divulgado.	26. Documento marco de avaliación da cooperación galega.	Non se produciron avances neste eido no ano 2020, á espera da revisión dos criterios de avaliación que está sendo realizada polo CAD da OCDE.
	5.4.2. Número de encontros realizados de socialización, presentación de resultados e rendición de contas dos actores e axentes de cooperación abertos á cidadanía.	27. Encontros realizados de socialización, presentación de resultados e rendición de contas.	No 2020 non se realizou ningún encontro neste sentido, polas limitacións nas reunións presenciais e pola imposibilidade de levar a cabo a avaliación ex post dos proxectos financiados en Guatemala, dadas as restricións á mobilidade.
	5.4.3. Número de proxectos financiados a través da convocatoria de investigación para o desenvolvemento dirixida aos grupos e centros de investigación das universidades galegas.	28. Convocatorias resoltas de investigación para o desenvolvemento.	No 2020 deuse continuidade aos 5 proxectos financiados no marco da convocatoria para proxectos de investigación e creación de grupos de investigación en materia de cooperación para o desenvolvemento, publicada no ano 2019.
	5.4.4. Número de avaliacións das intervencións financiadas nun mínimo de dous países prioritarios realizadas e difundidas.	29. Avaliacións de proxectos no exterior en dous países prioritarios.	Estaba prevista a avaliación ex post dos proxectos financiados en Guatemala, e non será posible realizala polo contexto de pandemia mundial.

3. Seguimento do cumprimento de obxectivos do IV Plan director da cooperación galega 2018-2021

RESULTADO DE XESTIÓN 5 OS ACTORES E AXENTES DA COOPERACIÓN GALEGA FORTALECEN A SÚA CAPACIDADE INSTITUCIONAL PARA A CONSECUCIÓN DOS ODS			
LIÑAS DE ACCIÓN	INDICADORES	PRODUTOS	SEGUIMENTO
L.A.5.5. Darlle continuidade ao investimento en recursos humanos especializados dos axentes galegos de cooperación.	5.5.1. Ata o 70 % do custo total do proxecto nas convocatorias e convenios permite financiar gastos en recursos humanos.	30. Bases das convocatorias publicadas.	Respéctase o límite marcado no indicador.
L.A.5.6. Facilitar o acceso dos actores e axentes galegos a novas fontes de financiamento internacional.	5.6.1. Número de proxectos cofinanciados pola Xunta de Galicia aos axentes de cooperación aprobados por organismos internacionais nos ámbitos estratéxicos e países prioritarios da cooperación galega.	31. Convenios de cofinanciamento formalizados.	Ao longo de 2020 non se recibiron propostas para o cofinanciamento destes proxectos.
Código/s CRS: 31320, 31381

Socio Local: Ayuda en Acción - Perú

Zona de Actuación: Baía de Sechura, Piura

País: O Perú

Rexión: América do Sur

Axuda Xunta de Galicia: 200.000 € (2019: 50.000 €; 2020: 75.000 €; 2021: 75.000 €).

03. Convenio de colaboración coa Fundación Unicef Comité Español para a execución do proxecto “Actuacións de inclusión social da infancia e da adolescencia na Habana vella – Cuba”.

Axente: Fundación UNICEF Comité Español

Código/s CRS: 16050

Socio Local: Oficina do Historiador da Cidade da Habana (OHC), Ministerio de Cultura (MINCULT) e Ministerio de Xustiza (MINJUS) de Cuba.

Zona de Actuación: municipio A Habana Vella, provincia da Habana. Cuba

País: Cuba

Rexión: Caribe

Axuda Xunta de Galicia: 32.150 € (2019: 14.000 € ; 2020: 18.150 €)

04. Convenio de colaboración con Augas de Galicia e a Fundación Universidade da Coruña para a execución do proxecto “Fortalecemento de capacidades técnicas e operativas para a mellora da xestión dos recursos hídricos en Mozambique (AQUA - MOZ)”

Axente: Augas de Galicia e a Fundación Universidade da Coruña

Código/s CRS: 14010

Zona de Actuación: cuncas de ríos, encoro de Chipembe

País: Mozambique

Rexión: África Subsahariana

Axuda Xunta de Galicia: 175.000 € (2019: 50.000 €; 2020: 125.000 €)



4.4. Actuacións doutras consellerías

Ademais das actuacións da DXRREE e coa UE previstas no Plan anual 2020, ao longo deste ano outros departamentos da Xunta de Galicia realizaron actuacións de cooperación para o desenvolvemento con cargo aos seus orzamentos, non previstas no citado plan. Pódense destacar as seguintes:

- A Consellería de Política Social asinou un convenio de colaboración coa Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí (SOGAPS) por un total de 100.000 €, que se destinaron a axuda alimentaria aos campamentos de refuxiados saharauís.
- A Consellería do Mar destinou 130.109,62 € aos seguintes proxectos executados polo CETMAR:
 1. “Reforzo do Centro Nacional de Información e Investigación Mariña de Namibia (NatMIRC) na súa función de contribuír ao proceso de toma de decisións na xestión de pesqueirías”, ao que se destinaron 62.499,98 €.
 2. “Apoio á Secretaría Técnica da Rede INVIPESCA para o seu fortalecemento e apoio á organización do V Simposio Iberoamericano de ecoloxía reprodutiva, recrutamento e pesqueirías”.
- Augas de Galicia achegou 75.000 € ao convenio asinado coa Fundación Universidade da Coruña (FUAC) para o proxecto “Fortalecemento de capacidades técnicas e operativas para a mellora da xestión dos recursos hídricos en Mozambique (AQUA-MOZ)”.

5. Axuda humanitaria e de emerxencia

No ano 2020, para darlles cumprimento aos obxectivos e indicadores que o IV Plan director da cooperación galega establece neste ámbito, desde a DXRREE e coa UE traballouse co fin de realizar unha acción humanitaria integral e de calidade, a través dunha acción estratéxica en colaboración cos axentes de cooperación e, ao mesmo tempo, dando continuidade ao traballo con organizacións multilaterais e/ou especializadas en acción humanitaria, contribuíndo ao cumprimento da L.A.3.2.

A axuda da Xunta de Galicia no ámbito da acción humanitaria que foi xestionada a través da DXRREE e coa UE no 2020 ascendeu a 837.478,13 €, o que representa o 13,85 % do orzamento operativo do programa orzamentario 331A. Neste importe están incluídos os 252.000 € postos a disposición da DXRREE e coa UE, por parte da Secretaría Xeral da Igualdade, da cota correspondente a Galicia do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero para o financiamento de actuacións no marco das medidas 36 e 37, que afectan o ámbito da cooperación internacional, e que están destinadas á atención a persoas refuxiadas en materia de violencia machista.

Os instrumentos habitualmente utilizados para o financiamento de actuacións humanitarias e de emerxencia son:

Convocatoria para proxectos de acción humanitaria.

Convenios de colaboración con entidades especializadas en acción humanitaria.

5.1 Convocatoria para proxectos de acción humanitaria

O obxecto destas bases é a regulación da concesión de subvencións ás organizacións non gobernamentais para a execución de proxectos de acción humanitaria no exterior, entendendo por proxectos de acción humanitaria, conforme a iniciativa da boa doazón

humanitaria (GHD, nas súas siglas en inglés), aqueles destinados a salvar vidas, aliviar o sufrimento e manter a dignidade humana durante e despois das crises —provocadas por seres humanos ou por desastres naturais—, así como os destinados á prevención e reforzo da capacidade de resposta e á resiliencia para cando se produzan estas situacións. A acción humanitaria debe guiarse polos principios de humanidade, imparcialidade, neutralidade e independencia.

A orde que regula estas convocatorias foi publicada no DOG do 4 de xuño de 2020. Trátase, como en ocasións anteriores, dunha convocatoria anual cunha dotación total de 300.000 €.

Presentáronse 12 proxectos dos que foron subvencionados 6. A convocatoria resolveuse o 21 de xullo de 2020 e publicouse a concesión de subvencións no DOG do 10 de novembro do 2020.

Os proxectos aprobados son os seguintes:

01. Mellorar a capacidade de resposta e prevención do sistema de saúde local do asentamento de Eastleigh North, Nairobi, na emerxencia sanitaria do COVID-19 con énfase na protección dos grupos de poboación en situación de maior vulnerabilidade fronte á pandemia.

Axente: Farmacéuticos Mundi

Socio local: Foundation for Health and Social Economic Development Africa (HESED - África)

Código/s CRS:

12220 Atención sanitaria básica

70000 Axuda Humanitaria

Zona de actuación: asentamento informal de Eastleigh North, no barrio de Eastleigh, subcondado de Kamukunji, condado de Nairobi.

País: Kenia.

Rexión: África do Este

5. Axuda humanitaria e de emerxencia

Descrición: o presente proxecto ten como obxectivo mellorar a capacidade de resposta e prevención do sistema de saúde local de Eastleigh North (Nairobi), Kenia, na emerxencia sanitaria do COVID-19 con énfase na protección dos grupos de poboación en situación de maior vulnerabilidade fronte á pandemia. Así a intervención localízase no asentamento informal de Eastleigh North, no barrio de Eastleigh, sub-condado de Kamukunji, condado de Nairobi, Kenia.

As súas intervencións céntranse principalmente en: 1) Fortalecer a capacidade operativa do Centro de saúde de Eastleigh para prestar servizos de atención primaria en saúde (APS) nun contexto de crise de saúde pública global pola COVID-19; e 2) Crear redes comunitarias de saúde orienta a poboación en situación de maior vulnerabilidade (poboación refuxiada, mulleres, PVV, maiores de 60 anos e enfermas crónicas) cara a recursos sanitarios dispoñibles, e que desmonten rumores sobre a COVID-19 e promovan prácticas corresponsables co coidado e a toma de decisións en saúde.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: contribuír a garantir unha rápida contención e reducir o exceso de mortalidade e morbilidade debido ao brote de COVID-19 en Nairobi e os seus efectos no sistema de saúde.

Obxectivo específico: mellorar a capacidade de resposta e prevención do sistema de saúde local de Eastleigh North (Nairobi), Quenia, na emerxencia sanitaria do COVID-19 con énfase na protección dos grupos de poboación en situación de maior vulnerabilidade fronte á pandemia.

Poboación beneficiaria:

Directa: 7.051 persoas (5.051 mulleres e 2.000 homes), entre poboación titular de dereitos, de obrigacións e de responsabilidades

Indirecta: 15.150 persoas (10.795 mulleres e 4.355 homes) que habitan o asentamento.

Axuda Xunta de Galicia: 50.000 € (2020)



02. Mellora do estado nutricional dos nenos e nenas das comunidades máis vulnerables de Malí.

Axente: Fundación UNICEF Comité Español

Socio local: UNICEF Malí.

Código/s CRS:

12240 Nutrición básica.

Zona de actuación: Mopti, Sikasso e Kayes (tres rexións do sur de Malí).

País: República de Malí

Rexión: Sahel

Descrición: este proxecto enmárcase no programa País de UNICEF Malí 2020-2024, un programa que apoia o Marco estratéxico para a recuperación económica e o desenvolvemento sostible do Goberno de Malí, no contexto da Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible. Así mesmo, o proxecto tamén se integra no Plan de acción para a igualdade entre os xéneros de UNICEF para 2018-2021 en concordancia co Plan estratéxico do UNICEF para 2018-2021. Doutra banda, introdúcese co Plan nacional para a prevención e o control da enfermidade do COVID-19, así como o Plan de reposta ao COVID-19 de UNICEF Malí.

Este proxecto pretende afianzar e ampliar o foco de atención nos distritos máis vulnerables e afectados pola crise nutricional do sur de Malí. Por todo isto, é importante a promoción de intervencións específicas nutricionais que son aquelas que teñen impacto directo na prevención e o tratamento da desnutrición. Con este proxecto perséguese previr a desnutrición crónica, que sofren un 31 % das nenas e nenos nas rexións de Kayes, Mopti e Sikasso, que son das zonas máis pobres e vulnerables do sur de Malí, a través da implantación de accións que entran dentro da Xanela dos 1.000 días.

Para iso promocionaranse prácticas adecuadas de alimentación e coidado de lactantes e nenos de pouca

idade, ademais de fortalecer a coordinación nutricional multisectorial. Así mesmo, esta intervención inclúe o fortalecemento das capacidades das familias máis vulnerables para que estean máis preparadas para previr futuros casos de desnutrición crónica.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: contribuír á redución da mortalidade e a morbilidade infantil dos menores de cinco anos, a través da prevención e o tratamento da desnutrición crónica, nas rexións de Mopti, Sikasso e Kayes en Malí.

Obxectivo específico: fortalecer o sistema de prevención, identificación e tratamento da desnutrición crónica en menores de 5 anos en Mopti, Sikasso e Kayes.

Poboación beneficiaria:

Directa: 76.664 persoas (39.665 mulleres e 36.999 homes), entre mulleres embarazadas, lactantes e coidadoras de menores e menores, principalmente.

Indirecta: 420 persoas (210 mulleres e 210 homes).

Axuda Xunta de Galicia: 50.000 € (2020)

03. Reforzo da resposta sanitaria e da estratexia comunitaria cara ao COVID-19 no distrito de Matola, Mozambique.

Axente: Médicos do Mundo

Socio local: Servizo Distrital de Saúde, Muller e Acción Social

Código/s CRS: 72010 Axuda e servizos materiais de emerxencia

Zona de actuación: Distrito de Matola

País: Mozambique

Rexión: África Austral

Descrición: a través desta intervención Médicos do Mundo pretende contribuír á prevención e diminución da transmisión de COVID-19 nas unidades

5. Axuda humanitaria e de emerxencia

sanitarias e tamén a nivel comunitario no posto administrativo de Infulene, distrito de Matola, provincia de Maputo.

O obxectivo do proxecto será o de fortalecer a resposta do sistema público de saúde, en colaboración cos actores comunitarios, en materia de prevención e control de infección pola COVID-19 e para iso a intervención centrarase en proporcionarlles capacitación aos/as técnicos/as de 6 unidades sanitarias (US) do posto administrativo de Infulene (Ndlavela, Kongolote, Boquisso, Muhalaze, Machava1 e T3) en materia de prevención, detección, diagnóstico e protocolo de Prevención, Infección e Control (PCI), creando condicións para que os titulares de dereito teñan acceso a unha atención médica de calidade. Como resultados, a intervención impulsará a realización de actividades coordinadas entre o sector da saúde e os actores comunitarios, con énfase nos secretarios de veciñanza, xefes de barrio e responsables de saúde da comunidade, para responder dunha forma máis holística á pandemia da COVID-19.

Estes actores comunitarios recibirán capacitación baseada no paquete comunitario de loita contra a COVID-19, unha ferramenta aprobada polo MISAU (Ministerio de Saúde de Mozambique) que, entre outros aspectos, establece o fluxograma que se utilizará para que os casos sospeitosos cheguen aos servizos de saúde. As intervencións deste proxecto destinaranse principalmente ao grupo de persoas maiores, persoas con diversidade funcional e mulleres e nenos como colectivos de maior vulnerabilidade.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: contribuír á prevención e diminución da transmisión de COVID-19 nas unidades sanitarias e tamén a nivel comunitario no posto administrativo de Infulene, distrito de Matola, provincia de Maputo, Mozambique
Obxectivo específico: fortalecer a resposta do sistema público de saúde, en colaboración cos actores comunitarios, en materia de prevención e control de infección por COVID-19.

Poboación beneficiaria:

Directa: 80 persoas (25 mulleres e 55 homes), entre técnicos/as de saúde e actores comunitarios.

Indirecta: 390.399 persoas (274.473 mulleres e 256.850 homes), entre colectivos de maior vulnerabilidade, especialmente mulleres e nenas.

Axuda Xunta de Galicia: 47.398,42 € (2020)

5. Axuda humanitaria e de emerxencia

04. Previr e mitigar o impacto dos riscos humanitarios asociados á pandemia COVID-19 sobre os dereitos e a dignidade da poboación de San Cristóbal, con enfoque no fortalecemento de capacidades, prevención e resposta á VBG e SSR.

Axente: Asamblea de Cooperación pola Paz (ACPP).

Socio local: Instituto de Acción Comunitaria, Inc. IDAC.

Código/s CRS:

72010 Axuda e servizos materiais de emerxencia

72040 Axuda alimentaria de emerxencia

72050 Coordinación dos servizos de protección da axuda

74010 Prevención de desastres

Zona de actuación: barrios de Moscova, de Nai Vella Norte e do 5 de abril (municipio de San Cristobal)

País: República Dominicana

Rexión: América Central e o Caribe

Descrición: a presente intervención contribúe á protección integral dos dereitos e á dignidade da poboación de tres barrios do Municipio de San Cristóbal (República Dominicana) afectados pola COVID-19, con especial énfase na equidade de xénero e a RRD inclusiva. Preténdese paliar os riscos socioeconómicos e sanitarios que a pandemia provocou na poboación en maior situación de vulnerabilidade.

Trátase dunha acción na que se unen esforzos e fortalezas de diversos actores con vasta experiencia en acción humanitaria como son ACPP, IDAC e UNFPA, e que se alíña cos chamamentos internacionais ante a pandemia de COVID-19. Esta conta con dous enfoques: o fortalecemento de capacidades e a cobertura de necesidades básicas para previr a violación do DIDH e o DIH.

A natureza desta intervención está centrada na posta ao dispor dos insumos a: por unha banda, titulares de obrigas da resposta á VBG e a garantía da SSR (PGR, Policía Nacional, persoal funcionario do Ministerio da Muller e Persoal Sanitario) e os membros dos comités de PMR das estruturas provinciais e, municipais para asegurar a continuidade dos seus servizos; e por outro a titulares de dereitos (familias en situación de extrema necesidade e mulleres e nenas en situación de vulnerabilidade).

Obxectivos:

Obxectivo xeral: contribuír á protección integral dos dereitos e á dignidade da poboación de 3 barrios de San Cristóbal afectados pola COVID-19, con especial énfase na equidade de xénero e a RRD inclusiva.

Obxectivo específico: previr e mitigar o impacto dos riscos humanitarios asociados á pandemia COVID-19 sobre os dereitos e á dignidade de 52.441 persoas (28.708 mulleres e nenas, 23.733 homes e nenos), con enfoque no fortalecemento de capacidades, prevención e resposta á VBG e SSR, en 3 barrios (Moscova, 5 de abril e Barrio Nai Vella Norte) de San Cristóbal, República Dominicana.

Poboación beneficiaria:

Directa: 52.441 persoas (28.708 mulleres e 23.733 homes), que é a totalidade da poboación residente nos tres barrios nos que se intervén, con especial atención a grupos de especial vulnerabilidade (mulleres, adolescentes e nenas).

Indirecta: 216.875 persoas (110.020 mulleres e 106.855 homes).

Axuda Xunta de Galicia: 50.000 € (2020)

5. Axuda humanitaria e de emerxencia

05. Resposta ao impacto da emerxencia COVID-19 e as súas medidas de contención na provincia de San Cristóbal, República Dominicana.

Axente: Fundación OXFAM Intermón

Socio local: CONAMUCA

Código/s CRS: 72010 Axuda e servizos materiais de emerxencia

Zona de actuación: cabeceira departamental san Cristóbal, San Gregorio de Nigua e Yaguata (municipios da provincia de San Cristóbal)

País: República Dominicana

Rexión: América Central e o Caribe

Descrición: o proxecto pretende responder á situación de emerxencia creada polo impacto da COVID-19 no país e das medidas de contención da pandemia implantadas polo goberno. Para isto a intervención terá como obxectivo específico proporcionarlles unha resposta humanitaria a 270 mulleres e ás súas familias afectadas pola pandemia COVID-19 e excluídas da resposta do Estado, mediante o fortalecemento das capacidades das organizacións involucradas, a provisión de información oportuna sobre prevención de propagación do virus, así como a subministración de alimentos e insumos de hixiene, en 3 municipios da provincia de San Cristóbal, República Dominicana.

A acción por tanto desenvolverase a través de dúas liñas de intervención/resultados:

1. Fortalecemento das capacidades do socio local CONAMUCA e defensa civil de San Cristóbal en principios, normas e respostas humanitarias en contexto de epidemia con enfoque WASH, protección e xénero.
2. Brindar asistencia alimentaria e promoción de hixiene para 270 mulleres e as súas familias que foron afectadas pola pandemia da COVID-19 e as medidas de contención estatais, e que foron excluídas da asistencia do Estado.

A intervención terá unha duración total de 6 meses e será implementada por Oxfam e o seu socio local CONAMUCA.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: contribuír á resposta humanitaria con enfoque WASH e de seguridade alimentaria fronte á emerxencia causada pola pandemia COVID-19 e as relativas medidas de contención na República Dominicana.

Obxectivo específico: proporcionarlles unha resposta humanitaria a 270 mulleres e ás súas familias afectadas pola pandemia da COVID-19 excluídas da resposta do Estado, mediante o fortalecemento das capacidades das organizacións involucradas, e a provisión de alimentos e insumos de hixiene na provincia de San Cristóbal.

Poboación beneficiaria:

Directa: 929 persoas (585 mulleres e 344 homes), entre titulares de responsabilidade, de obrigas e de dereitos.

Indirecta: 4.724 persoas (2.362 mulleres e 2.362 homes).

Axuda Xunta de Galicia: 50.000 € (2020)



5. Axuda humanitaria e de emerxencia

06. Asegurar o acceso a unha contorna educativa segura e de calidade para nenas e nenos refuxiados no campo de Dzaleka, Malawi**Axente:** Fundación Entreculturas – Fe y Alegría**Socio local:** Servizo Xesuíta a Refuxiados (Jesuit refugee Service – JRS).**Código/s CRS:**

7205001 Protección

11240 Educación primeira infancia. Educación pre-escolar académica e non académica

12261 Educación sanitaria

Zona de actuación: campamento de persoas refuxiadas de Dzaleka**País:** Malawi**Rexión:** África Oriental

Descrición: o proxecto de educación en situación de emerxencia busca fortalecer 5 centros da comunidade educativa de Dzaleka que ofrecen educación temperá, tanto no que se refire a habilidades e servizos para a aprendizaxe e o acompañamento socioemocional en idades temperás, así como garantir mínimos de prevención fronte á COVID-19 e posibles consecuencias relacionadas.

Así, búscase o alcance de: 1) Mellorar a capacidade de resposta da comunidade educativa do campo de refuxiados de Dzaleka fronte á pandemia de COVID-19, e de 2) Reforzar o benestar psicosocial de 518 nenas e nenos refuxiados de Dzaleka mediante unha aprendizaxe socioemocional baseada nun enfoque comunitario.

Para iso propóñense unha serie de actividades caracterizadas por virar ao redor dun enfoque comunitario e de xénero. Todas as actividades proveñen dunha necesidade manifesta expresada pola comunidade educativa e necesitan da implicación desta para ser exitosas e satisfactorias.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: mellorar a protección e a capacidade de resiliencia das nenas e nenos refuxiados no campo de Dzaleka.

Obxectivo específico: asegurar o acceso a unha contorna educativa segura e de calidade para 518 nenas e nenos refuxiados no campo de Dzaleka.

Poboación beneficiaria:

Directa: 814 persoas (458 mulleres e 356 homes), entre menores e adultos da comunidade educativa do sector preescolar do campo de refuxiados.

Indirecta: 32.403 persoas (19.441 mulleres e 12.961 homes), relativas a un 70 % de toda a comunidade refuxiada.

Axuda Xunta de Galicia: 49.081,76 € (2020)



5.2 Convenios de colaboración para actuacións de acción humanitaria e de emerxencia

Ao longo de 2020 asináronse, no ámbito da acción humanitaria e de emerxencia, 7 convenios, un Acordo de prórroga, no marco do convenio asinado no ano 2018 entre a cooperación descentralizada e a Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID) para a actuación conxunta e coordinada en materia de acción humanitaria, e unha addenda, no marco do convenio para actuacións de acción humanitaria e de emerxencia asinado con Farmamundi e outra. O conxunto destes convenios financiaron 19 intervencións e operativos de resposta.

Ao igual que no ano anterior cabe destacar a posta a disposición da DXRREE e coa UE, por parte da Secretaría Xeral da Igualdade, de 252.000 € da cota correspondente a Galicia do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero para ser destinados ao financiamento de actuacións no marco das medidas 36 e 37 do dito pacto, que afectan o ámbito da cooperación internacional. Estes fondos foron destinados ao financiamento de 3 proxectos de atención a persoas refuxiadas en materia de violencia de xénero coas entidades España con ACNUR, UNRWA España e Fundación UNICEF Comité Español.

01. Convenio de colaboración con Farmacéuticos Mundi para actuacións de acción humanitaria e de emerxencia

Este convenio vén asinándose de forma ininterrompida desde o ano 2009 para garantir unha resposta rápida e áxil da Xunta de Galicia, a través da posta en marcha de accións de asistencia e atención inmediata de emerxencias, tras declararse o desastre ou crise humanitaria ou ante a agudización dunha crise crónica (situacións de fame, desprazamentos de poboación por causas bélicas, económico-sociais ou poscatástrofe) tratando de evitar unha gran mortalidade entre os/as damnificados/as. Neste ano 2020, o convenio contou cunha dotación inicial de 50.000 €,

aos que se lle sumaron 28.997,95 € máis, a través da sinatura dunha addenda, o que permitiu a posta en marcha de operativos en Iraq, Gaza, Mozambique, Uganda, Líbano, Guatemala, Iemen e Honduras.

O convenio de colaboración actívase cada vez que acontece unha emerxencia, logo da negociación e solicitude por parte de Farmamundi. Nos anos anteriores a activación destes convenios permitiu darlles resposta inmediata e coordinada coa Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID) e o sistema das Nacións Unidas a diferentes emerxencias acaecidas.

Axuda Xunta de Galicia: 78.997,95 € (2020).

A través deste convenio de colaboración realizáronse as seguintes actuacións de emerxencia:

Fortalecer os sistemas de saúde locais de tres campos de poboación desprazada interna en Duhok, Iraq

Axente: Farmacéuticos Mundi

Socio local: Heevie

Zona de actuación: Gobernación de Dohuk, Kurdistán Iraquí

País: Iraq

Rexión: Oriente Medio

Descrición: o contexto na rexión de Oriente Medio durante os últimos anos é considerado como un dos máis volátiles do mundo debido aos diferentes conflitos que arrasaron a zona: guerra Irán-Iraq (1980–1988), Primeira Guerra do Golfo (1990–1991), Segunda Guerra do Golfo (2003–2011), ou os máis actuais de guerra civil en Siria (2011–presente) e contra o Estado Islámico (2014–2019).

En Iraq, as guerras do Golfo e a máis recente contra o Estado Islámico (EI) provocaron un desprazamento masivo da poboación, especialmente a nivel interno, que chegou a alcanzar os 3,5 millóns de persoas desprazadas no ano 2016. Máis de dous anos despois do

5. Axuda humanitaria e de emerxencia

fin das operacións militares contra o Estado islámico (EI), persisten tensións sociais e étnicas en múltiples fronteiras.

Actualmente 1.444.500 persoas seguen desprazadas en Iraq, das cales 630.894 se atopan nos territorios kurdos (319.722 na Gobernación de Dohuk, 222.162 en Erbil e 89.010 en Sulaymaniyah). Esta situación prolongada de desprazamento minguou toda capacidade de resiliencia e a supervivencia da poboación depende en gran medida do acceso aos programas de axuda humanitaria. Entre a poboación máis afectada pola crise humanitaria no país, atópase a comunidade yazidí, de etnia kurda, proveniente da rexión de Sinjar, ao norte do país, limítrofe co Kurdistan sirio.

Farmamundi e o seu socio local no país, Heevie, estiveron avaliando a situación tanto no posto fronteirizo da Al Walid, como no campo de Bardarash, ao mesmo tempo que mantivo reunións coas autoridades de saúde para analizar as necesidades identificadas, sempre en coordinación coa OMS –actual financiador do socio local Heevie– e o resto de membros do clúster de saúde.

O operativo localizouse nos campos de poboación desprazada interna de Sharya, Kabarty e Bersivy, na Gobernación de Dohuk, nos territorios kurdos iraquís e beneficiou directamente a 5.416 persoas (3.729 mulleres) destinatarias directas das seguintes actividades:

- 5.416 persoas (80 % da poboación total dos tres campos apoiados) recibiron mensaxes de promoción da saúde.
- 5.416 persoas (calculado a partir das consultas realizadas nos campos durante os últimos meses) accederon a consultas dos servizos de APS nos campos que serán apoiados con medicamentos esenciais, e verán mellorada a calidade e dispoñibilidade dos tratamentos.

Asistencia alimentaria da poboación palestina de Gaza ante a propagación do COVID-19

Axente: Farmacéuticos Mundi

Socio local: Labour Resources Centre

Zona de actuación: Franxa de Gaza

País: Territorios Palestinos

Rexión: Oriente Medio

Descrición: a poboación palestina da Franxa de Gaza sofre unha dramática baixada no seu nivel de vida desde xullo de 2007, como resultado das restricións de Israel, o limitado control dos recursos naturais, a obstrución do acceso aos mercados rexionais e internacionais, a dificultade de acceder aos seus postos de traballo en Israel, a menor taxa de produción económica e a suspensión de todas as exportacións e redución de importacións.

Ademais, a Franxa de Gaza sufriu tres guerras nos anos 2009, 2012 e 2014, o que recuou a súa nefasta situación económica e aumentou os niveis de pobreza.

Actualmente, o maior problema en Gaza é a falta de servizos médicos, saneamento e enerxía. Debido ao conflito e aos bloqueos, máis da metade da poboación depende de axuda internacional. Ademais, só 1 de cada 10 fogares ten acceso a auga potable, segundo denuncia Unicef. Iso significa que gran parte da poboación palestina non pode cumprir un dos requisitos básicos para lle facer fronte á epidemia: lavar as mans con auga limpa.

A COVID-19 chegou á Franxa de Gaza, unha das zonas máis densamente poboadas do mundo. A franxa costeira do mar Mediterráneo alberga ao redor de dous millóns de persoas distribuídas en 365 quilómetros cadrados, é dicir, unhas 6.000 persoas por quilómetro cadrado. A situación empeora nos campos de poboación refuxiada, onde conviven case 4.000 persoas por km cadrado. Por contextualizalas, é preto de tres veces maior que a densidade de poboación media na cidade de Nova York.

5. Axuda humanitaria e de emerxencia

Froito do proceso de diagnóstico realizado por Labour Resources Centre, socio local de Farmamundi en terreo, púxose de manifesto a pertinencia de intervir na abordaxe da seguridade alimentaria e esta é a petición máis prevalecente na poboación da Franxa de Gaza, polo que este proxecto pretendeu proporcionarlles asistencia alimentaria inmediata a familias máis vulnerables que se viron afectadas polas consecuencias da COVID-19 e ante o inicio do Ramadán. Ademais, en coherencia coa guía da OMS e as necesidades identificadas, traballouse na comunicación de riscos e implicación comunitaria, para lograr que a cidadanía reciba as mensaxes correctas, comprendan e apliquen as medidas necesarias.

A intervención da Xunta de Galicia e Farmamundi executouse en terreo pola ONG local Labour Resources Centre e beneficiou a 150 familias (750 persoas), das cales 552 persoas (73,60) foron mulleres e menores de idade, a través da distribución de cestas nutricionais, actividade que se viu acompañada de accións de sensibilización relacionadas coa prevención da COVID-19, apelando á responsabilidade individual ao coidado persoal e cumprimento das medidas de prevención e hixiene.

Contribuír a rehabilitar as condicións de hixiene da poboación afectada polo ciclón Idai e o contexto COVID-19, no distrito de Sussundenga, provincia Manica

Axente: Farmacéuticos Mundi

Socio local: United Purpose Foundation

Zona de actuación: Distrito de Sussundenga, provincia Manica

País: Mozambique

Rexión: África Austral

Descrición: o 12 de marzo do 2020, a OMS declarou unha pandemia e chamou a todos os países a prepararse para a resposta. Obviamente o impacto desta epidemia é desigual a nivel mundial. Os países atópanse en diferentes escenarios de risco de

transmisión, e requiren unha resposta adaptada a cada contexto.

A situación de partida en Mozambique é crítica. O perfil epidemiolóxico da poboación antes da crise xa era preocupante polo nivel de malnutrición, de infección pola VIH-SIDA, de mortalidade e morbilidade por paludismo, de enfermidades transmitidas pola auga e de todo o que poida dar lugar a un risco de comorbidade e a capacidade do sistema sanitario, claramente insuficiente. O acceso á auga e o saneamento é tamén minoritario.

Unha das maiores dificultades para a saúde pública cando hai unha epidemia é unha contorna densamente poboada con barrios marxinais, campos de refuxiados e localizacións de desprazados internos, como é o que atopamos na provincia de Manica, afectada tras o paso do Ciclón Idai (marzo de 2019) e seleccionada para esta intervención.

Na provincia de Manica, os servizos de saúde non están preparados para lle facer fronte ao brote. O mellor investimento pois na preparación/prevención mentres haxa unha ventá de oportunidade para a intervención. Debido á debilidade dos sistemas de atención da saúde, as medidas proactivas para previr a propagación do virus son fundamentais.

A intervención da Xunta de Galicia e Farmamundi executouse no terreo pola ONG local United Purpose (UP) Foundation, socio local habitual de Farmamundi na zona, que participou co goberno na resposta á COVID-19, apoiou o goberno na tradución do material de prevención do Ministerio de Saúde aos idiomas locais e é membro de 2 grupos de resposta nacional á COVID-19; e dos clústers de WASH e Saúde.

Este operativo veu apoiar a unha poboación xa moi afectada polo ciclón Idai a mellorar a súa preparación para a COVID-19 mediante a subministración de kits de hixiene e a concienciación sobre a hixiene. Se beneficiou a 732 persoas (52 % mulleres) que recibiron 366 kits (2 * kit) hixiénicos no distrito de Sussundenga, Manica e outras tantas que puideron

5. Axuda humanitaria e de emerxencia

coñecer os aspectos hixiénicos que lle permitiron previr o contaxio.

As actividades leváronse a cabo en estreita colaboración co Ministerio de Saúde a nivel provincial. A distribución foi facilitada polo persoal que capacitado durante a intervención do programa de resposta a emerxencias do Idai co apoio de Farmamundi, os activistas colocaron carteis en lugares crave como mercados, igrexas, hospitais, escolas, e deron detalles de como proceder para reducir o risco de proliferación de COVID-19. Doutra banda, o persoal traballou baixo a supervisión dos funcionarios de saúde do Goberno e seguindo todos os requisitos de seguridade.



5. Axuda humanitaria e de emerxencia

Intervención para mitigación dos efectos da pandemia da COVID-19 no campo de refuxiados kyaka II, Uganda

Axente: Farmacéuticos Mundi

Socio local: Emesco Development Foundation y African Humanitarian Action

Zona de actuación: campo de refuxiados kyaka II

País: Uganda

Rexión: África oriental

Descrición: Uganda acolle actualmente 1.424.373 persoas refuxiadas (maio 2020), procedentes na súa maioría de Sudán do Sur (61,8 %), RDC (29,1 %), Burundi (3,4 %) e Somalia (2,9 %). A pesar dos desafíos que estas cifras representan, Uganda mantén unha das políticas de asilo máis progresistas. Cunha política de portas abertas, o Goberno mantén un enfoque inclusivo, o que lle asegura á poboación refuxiada liberdade de movemento, o dereito para buscar emprego e establecer negocios e o acceso aos servizos públicos como a educación, a saúde e outros servizos sociais nas mesmas condicións que a poboación local.

Desde decembro de 2017, Kyaka II, no distrito de Kyegegwa, converteuse no principal asentamento de recepción dos recentemente chegados procedentes de Kivu Norte, RDC.

O distrito de Kyegegwa, onde se sitúa a presente intervención, configúrase como un distrito con poucos recursos dispoñibles e que enfrenta desafíos importantes para garantir a calidade en prestación dos servizos básicos. Aínda que a poboación refuxiada se atopa nunha situación de maior vulnerabilidade, o déficit en relación á dispoñibilidade de servizos básicos, especialmente en materia de acceso coa saúde e aos medicamentos, é un problema transversal que lle afecta á poboación local e á poboación refuxiada na mesma medida.

O distrito é vulnerable aos brotes de enfermidades transmisibles debido aos movementos transfronteirizos, a conxestión, o saneamento inadecuado e

a localización xeográfica dos asentamentos. Como parte da preparación e a resposta ao contaxio ante a COVID-19 os brotes de cólera, meningite e sarampelo e ao risco de que se produza un brote de Ébola, é necesario fortalecer a prevención e o control das infeccións, reforzar a vixilancia, almacenar medicamentos esenciais e mellorar a capacidade dos provedores de atención da saúde.

A intervención xorde da análise de vulnerabilidades previa realizada por Farmamundi, e os seus socios locais, Emesco Development Foundation e African Humanitarian Action (AHA), e responde a un proceso de diagnóstico amplamente participativo que contou coa implicación dos diferentes grupos de interese, o que permitiu incorporar as súas miradas particulares na análise e adaptar a intervención ás necesidades específicas e sentidas dos colectivos en situación de maior vulnerabilidade. A execución desta resposta coordínase coa Oficina do Primeiro Ministro e a Oficina de saúde do Distrito e con ACNUR.

Estímase que a presente intervención alcanzou a unhas 2.040 persoas, das cales o 50,49 % (1.030) son mulleres. Na súa selección déuselles prioridade ás unidades de convivencia en situación de maior vulnerabilidade, con maiores restricións de acceso aos medios de vida, maior presenza de menores e mulleres embarazadas e maior risco de padecer algún tipo de enfermidade.

En función das actividades a poboación suxeito desagregase do seguinte modo:

- 40 persoas entre promotores de saúde e persoal médico de Kyaka II recibiron equipos de protección individual (EPIS) ante a COVID-19.
- Polo menos 2.000 persoas (1.000 mulleres e 1.000 homes) participaron das xornadas de sensibilización de educación en saúde, prevención e fortalecemento de capacidades comunitarias para a construción da saúde colectiva.
- Ademais, de forma indirecta, ao redor de 24.606 persoas (polo menos 12.303 mulleres), recibiron

5. Axuda humanitaria e de emerxencia

as mensaxes divulgadas a través da emisión de programas radiais e a colocación de carteis informativos.

Intervención para mitigación dos efectos da pandemia da COVID-19, agravada pola explosión no porto de Beirut-Líbano

Axente: Farmacéuticos Mundi

Socio local: Asociación Mada

Zona de actuación: Beirut

País: O Líbano

Rexión: Oriente próximo

Descrición: O Líbano é o país que alberga a maior proporción de poboación refuxiada do mundo. No Val da Bekaa, ao leste do Líbano, a proporción é de 480.000 refuxiados por 400.000 libaneses. Esta excepcional situación non se dá en ningunha outra parte do mundo.

A emerxencia sanitaria provocada polo coronavirus está a ter un enorme impacto na poboación libanesa e refuxiada. O país, que xa atravesaba unha recesión económica antes da pandemia, atópase agora nunha situación próxima á fame negra. Co parón da actividade económica, incluída a agricultura e a construción. O emprego non informal tamén está parado. A pobreza é aguda e a situación é crítica.

Diversas enquisas realizadas por organismos internacionais reflicten que máis da metade da poboación asegura que perdeu a súa fonte de ingresos, e un 70 % reconece ter que saltar comidas. O impacto entre as mulleres é aínda maior perdendo de maneira maioritaria os seus empregos.

Esta complexa situación empeorou o pasado 4 de agosto do 2020, no que a cidade de Beirut foi golpeada por dúas devastadoras explosións que arrasaron a maior parte do seu porto, danando barrios e edificios de toda a capital. Segundo os datos publicados nos días seguintes á explosión, o balance de persoas

mortas elevouse a 200 e rexistráronse máis de 6.000 persoas feridas (polo menos 1.000 serían nenos e nenas segundo datos de UNICEF), moitas delas de carácter grave. Tamén permanecen desaparecidas ao redor de 100 persoas.

Neste contexto, o acceso a alimentos e hixiene son limitados. O prezo dalgúns bens básicos xa se incrementara máis dun 90 % por cento no último ano.

Segundo o chamado de emerxencia do CICR, as prioridades fundamentais son os primeiros auxilios e a asistencia médica de emerxencia, o apoio psicosocial, os refuxios de emerxencia, garantir a subministración de auga potable, saneamento e hixiene, así como a asistencia para a cobertura das necesidades básicas (alimentos e outras necesidades do fogar).

A intervención da Xunta levouse a cabo en coordinación con Farmamundi e a organización Mada, como seu socio local. Mada é membro do Foro Humanitario e de Desenvolvemento do Líbano, que reúne e comparte información (cartografía, avaliación de necesidades etc.). Baixo a coordinación da OCHA, elaboráronse instrumentos para evitar a superposición de accións e atender mellor as necesidades.

A presente intervención beneficiou a un mínimo de 350 fogares (ao redor de 1.750 persoas, 52 % mulleres), a través da distribución de cestas de alimentos e kits de hixiene nos barrios e suburbios pobres (Karantina, Bourj Hamoud etc.) e nas bolsas de pobreza de Achrafieh, que foron afectadas polas explosións. Na súa selección déuselles prioridade ás unidades de convivencia en situación de maior vulnerabilidade, con maiores restricións de acceso aos medios de vida, maior presenza de menores e mulleres embarazadas ou persoas discapacitadas e maior risco de padecer algún tipo de enfermidade.

Mellora da atención nutricional e socionanitaria en Guatemala no marco da emerxencia causada pola tormenta tropical Eta e no contexto de crise pola pandemia COVID-19

Axente: Farmacéuticos Mundi

5. Axuda humanitaria e de emerxencia

Socio local: FUNDEBASE e ASECSA

Zona de actuación: departamentos de Huehuetenango e Quiché

País: Guatemala

Rexión: Centroamérica

Descrición: De acordo co Informe sobre desenvolvemento humano 2019, elaborado polo Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento (PNUD), Guatemala ocupa o lugar 126 (de 189) cun IDH de 0,651, ademais de contar cun Índice de Gini de 0.483, o que o sitúa como o 21.º país máis desigual do mundo (PNUD, 2018).

O 59,3 % da poboación atópase por baixo da liña da pobreza, e un 23,4 % por baixo da extrema pobreza (ENCOVI 2014); concéntrase na área rural (76,1 %-35, 3 %) e entre a poboación indíxena (79,2 %).

Guatemala é tamén, o país co menor gasto en saúde de América Latina e o Caribe cun baixo investimento público (2 % PIB), polo que o potencial de vulnerabilidade ante a COVID-19 foi xeneralizado para a poboación.

Ademais, Guatemala ten unha prevalencia da desnutrición crónica de 46.5 % en menores de 5 anos, polo que esta poboación ten unha particular vulnerabilidade ante as enfermidades, particularmente ante a COVID-19.

Nesta situación de pandemia, de perda de medios de vida e incremento do prezo da cesta básica, repercute nos niveis de inseguridade alimentaria e nutricional, o cal é un risco para o incremento da desnutrición aguda.

A situación de partida empeorou ao longo do ano 2020, primeiro por causa da pandemia global por COVID-19 e despois, polo paso da tormenta tropical ETA que, en estimación das autoridades, ocasionou 150 vítimas entre mortos e desaparecidos, a evacuación dunhas 90.000 persoas, así como importantes perdas materiais en infraestruturas e colleitas.

A intervención apoiada levouse a cabo en 23 comunidades rurais de 5 municipios dos departamentos de Huehuetenango e Quiché, a través da coordinación entre Farmamundi, FUNDEBASE e ASECSA, seus socios locais. Esta intervención beneficiou a 135 fogares (810 persoas), a través da distribución de kits de alimentos, de hixiene e de protección fronte á COVID-19.

Brindarlles apoio aos centros de saúde da gobernación de Raimah en Iemen, para a prevención e tratamento da pandemia COVID-19, a través da provisión de medicamentos e insumos

Axente: Farmacéuticos Mundi

Socio local: Social Development Hodeidah Girls Foundation (SDGHF)

Zona de actuación: Gobernación de Raimah

País: Iemen

Rexión: Oriente Próximo

Descrición: a inestabilidade política en Iemen xurdiu no contexto das “Primaveras Árabes” no 2011, cando un levantamento forzou o abandono do poder do seu presidente. A inestabilidade converteuse en conflito no 2015, cando Arabia Saudita e outros oito países árabes, maioritariamente sunnitas e apoiados polos Estados Unidos, Reino Unido e Francia, lanzaron ataques aéreos contra os hutíes co obxectivo declarado de restaurar o goberno de Hadi. A coalición temía que o éxito dos hutíes beneficiase a Irán, rival rexional e país maioritariamente chiíta.

Iemen é outro exemplo máis de guerra subsidiaria, tan común en Oriente Próximo, pola que dúas potencias se enfrontan a terceiros en lugar de facelo directamente entre elas. Os hutíes, minoría chiíta zaidí de Iemen son apoiados por Irán fronte aos sunnitas, aos que defende a coalición formada por Arabia Saudí e Emiratos Árabes Unidos. Segundo Nacións Unidas, a situación en Iemen é o peor desastre humanitario causado polo home, ao que se sumou a pandemia global pola COVID-19.

5. Axuda humanitaria e de emerxencia

Despois de 6 anos de guerra, o 80 % dos 30 millóns de habitantes, máis de 24 millóns de persoas, dependen da axuda humanitaria para sobrevivir.

A intervención executouse polo socio local de Farmamundi, Social Development Hodeidah Girls Foundation (SDGHF), que xa traballaba activamente nos 4 centros de saúde aos que se apoiou. SDGHF é un membro activo da coordinación xeral humanitaria da zona e participa nos clústeres de saúde e de prevención da violencia contra a muller.

A intervención é coherente coa Norma 3 sobre sistemas de saúde do manual Esfera que recomenda garantir unha subministración continua de medicamentos e materiais funxibles adecuados para as poboacións afectadas polas crises.

Intervención para atender as necesidades en auga e saneamento das comunidades afectadas de Trojes, O Paraíso en Honduras, como consecuencia do paso dos furacáns Eta e Iota no marco da pandemia por COVID-19

Axente: Farmacéuticos Mundi

Socio local: Sociedad Nacional de la Cruz Roja Hondureña (CRH)

Zona de actuación: comunidade de Trojes e O paraíso

País: Honduras

Rexión: Centroamérica

Descrición: tres semanas despois do impacto da Tormenta Tropical Eta (5 novembro 2020), o impacto do Furacán Iota (18 novembro 2020) agravou a xa precaria situación no norte de Honduras. Un número aproximado de 3 millóns de persoas víronse afectadas pola tormenta tropical Eta e máis de 800.000 persoas pola tormenta Iota, co que aumenta así a cantidade de poboación afectada a 3.900.000 persoas. Máis de 180.000 persoas víronse illadas e máis dun centenar de persoas faleceron como consecuencia da auga acumulada polas tormentas.

Os danos a nivel estrutural contan a perda total de vivendas ou destrución parcial destas deixándoas inhabitables, os camiños foron afectados e máis de 40 pontes destruíronse.

Estes dous desastres de orixe hidrometeorolóxica agravan a situación xa precaria para miles de familias hondureñas, que xa se atopaban afectadas desde inicios de 2020 pola crise de saúde xerada pola pandemia de COVID-19, e as secuelas económicas que xerou. Isto súmase tamén a outras crises presentes na rexión, como a latente epidemia de dengue e Zika; a crise de inseguridade, violencia e protección, e axuntado a outros desafíos socioeconómicos como a inseguridade alimentaria e condición de pobreza baixo a cal se atopan o 64 % dos fogares, incluído un 20 % que vive con menos dun dólar ao día.

O Goberno de Honduras solicitou apoio internacional (6 novembro 2020) para atender a este desastre, e ten solicitado acceso a “fondos verdes” para apoiar coas necesidades de reconstrución, por considerar que estes fenómenos climatolóxicos extremos son produto do cambio climático.

A intervención planificouse como unha actuación integrada de auga, saneamento, control vectorial, distribución de kits de hixiene e limpeza e actividades de promoción de hixiene, e executouse pola “Sociedad Nacional de la Cruz Roja Hondureña (CRH)”, de maneira complementaria e coordinada con outras actividades que a CRH desenvolve na zona con financiamento doutros doadores centradas no aloxamento e medios de vida. Coa intervención asistiuse a 130 familias (650 persoas) das comunidades afectadas.

Intervención para a prevención dos contaxios pola COVID-19 nas escolas da provincia de Manica, distrito de Sussudenga, Mozambique

Axente: Farmacéuticos Mundi

Socio local: United Purpose Foundation

Zona de actuación: distrito de Sussudenga, provincia Manica.

5. Axuda humanitaria e de emerxencia

País: Mozambique

Rexión: África Austral

Descrición: o 19 de xaneiro de 2021, en Mozambique, había máis de 28.270 casos confirmados (824 nas últimas 24 h) distribuídos xa por todas as provincias do país, con especial incidencia na capital, Maputo, e nos distritos de Palma, Massinga e Maxixe así como na cidade de Pemba. A provincia de Manica atravesou unha situación crítica debido ao aumento exponencial de contaxios. En xeral, as estatísticas oficiais son moi pouco fiables e aínda que África segue sendo unha das rexións con menos casos, existe o temor ben fundado de que iso responda á escaseza en probas analíticas que confirmen o seu diagnóstico.

O acceso a auga segura, necesaria para a prevención e paralización dos contaxios por COVID-19, viuse moi comprometido polo ciclón Idai, e particularmente para as persoas desprazadas polo ciclón que aínda viven en centros colectivos. Mesmo antes do ciclón, só a metade dos mozambicanos tiña acceso a auga segura e só un de cada cinco utiliza saneamento mellorado.

O desafío nas escolas é grande xa que tan só o 20 por cento teñen instalacións para lavar as mans. Mesmo en épocas previas á COVID-19, a falta de instalacións de saneamento adecuadas presentaba situacións particularmente difíciles para as nenas, as que, en moitos casos, se vían obrigadas a quedar na casa durante o período menstrual.

Do total das 72 escolas primarias e 6 secundarias no distrito de Sussundenga, só 5 escolas primarias (7 %) lograron abrir, xa que eran as únicas que se estimaba tiñan acceso aos servizos básicos requiridos para as prácticas de hixiene adecuadas, o que levou o Goberno para pospoñer a reapertura doutras escolas. Para isto hanse de crear as condicións sanitarias básicas a través da mellora dos sistemas de hixiene e saneamento e o coñecemento do persoal que traballa nas escolas, facilitando así o regreso ás clases presenciais.

A intervención púxose en marcha a través da ONG local United Purpose Foundation, socio local habitual de Farmamundi na zona, e centrouse en dous aspectos:

- A importancia dunha ampla comunicación pública sobre os comportamentos adecuados que deben adoptarse para controlar a propagación da enfermidade e de utilizar todas as formas de comunicación posibles
- A importancia de mellorar os sistemas de abastecemento de auga, hixiene e protección persoal e a desinfección dos espazos comúns nas escolas para a súa reapertura.

Coa intervención adquiriuse e distribuíuse material de prevención e hixiene básica fronte á COVID-19 en 11 escolas, que inclúe para cada unha xabón, desinfectantes, cubos de lixo etc. A intervención alcanzou a 4.052 persoas (95 % mulleres e menores).



5. Axuda humanitaria e de emerxencia

02. Convenio de colaboración coa Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí (SOGAPS) para a realización do proxecto “Urxencia alimentaria nos Campamentos de Refuxiados Saharaús a causa da COVID-19”

Axente: Solidariedade Galega co Pobo Saharauí (SOGAPS)

Socio local: Ministerio de Cooperación Saharauí en colaboración coa Media Lúa Saharauí

Código/s CRS: 72040 Axuda alimentaria de emerxencia

Zona de actuación: campamentos de refuxiados saharauís do suroeste de Alxeria

País: Alxeria

Rexión: Norte de África

Descrición: as organizacións humanitarias internacionais que operan nos campamentos de refuxiados saharauís, especialmente ACNUR, o PMA, UNICEF e outras ONG internacionais emitiron un chamado conxunto o 19 de abril de 2020 para lles solicitar aos doadores que realicen contribucións e doazóns para apoiar os procedementos de prevención da COVID-19 e evitar un maior deterioro na situación humanitaria, especialmente porque a taxa de anemia entre mulleres, embarazadas e nais lactantes aumentou ata superar o 73 %, e con respecto á porcentaxe de malnutrición entre os nenos menores de cinco anos, este aproxímase ao 25 %; así como tamén se rexistra unha alta porcentaxe de persoas con diabetes e presión sanguínea arterial.

O valor das necesidades urxentes nos sectores básicos (auga e hixiene, saúde, nutrición, educación e protección) para os refuxiados saharauís en Alxeria estímase, aproximadamente, en 14 millóns de euros.

Con este proxecto preténdese contribuír á seguridade alimentaria da poboación saharauí.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: contribuír á mellora das condicións de vida da poboación refuxiada saharauí.

Obxectivo específico: mellorar as condicións de vida da poboación saharauí.

Poboación beneficiaria: abarcará a toda a poboación refuxiada saharauí que ascende a 173.600 persoas refuxiadas, das que se estiman 125.000 con extrema vulnerabilidade.

Axuda Xunta de Galicia: 100.000 € (2020)

03. Convenio de colaboración con “España con ACNUR” para a execución do proxecto “Prevención e resposta ante o coronavirus para as persoas refuxiadas”

Axente: Asociación España con ACNUR (Comité Español do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados)

Socio local: oficinas no terreo de ACNUR (Comité Español do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados)

Código/s CRS: 12250 Control de enfermidades infecciosas

Zona de actuación: Estados de Cross River Benue y Taraba)

País: Nixeria

Rexión: África Occidental

Descrición: o actual convenio asínase no marco da pandemia global por coronavirus, co obxecto de contribuír a través de “España con ACNUR” a frear a dita pandemia centrándose na protección de todas as poboacións desprazadas pola forza e, máis especificamente, nos países que acollen grandes poboacións de refuxiados, con asentamentos densamente poboados e con sistemas de saúde máis débiles, o cal posibilitará que os sistemas e servizos de saúde se reforcen e se adapten rapidamente á emerxencia. No caso concreto do aporte da Xunta de Galicia, apoíouse ás persoas camerunesas refuxiadas en Nixeria.

5. Axuda humanitaria e de emerxencia

Obxectivos:

Obxectivo xeral: garantir que as persoas especialmente vulnerables á pandemia entre a poboación refuxiada reciban asistencia en forma de artigos básicos.

Poboación beneficiaria:

Directa: 8.936 persoas pertencentes a familias refuxiadas e desprazadas internamente (4.557 son mulleres e 4.379 homes) aloxadas en asentamentos densamente poboados nunhas condicións que dificultan o acceso aos servizos de saúde necesarios e que, polo tanto, teñen unha menor capacidade para facer fronte ao brote da COVID-19.

Axuda Xunta de Galicia: 30.000 € (2020)



5. Axuda humanitaria e de emerxencia

04. Convenio de colaboración con UNRWA España para a execución do proxecto “Garantir o dereito á saúde das persoas refuxiadas de Palestina na Franxa de Gaza fronte á ameaza do COVID-19”

Axente: UNRWA España

Socio local: UNRWA–United Nations Relief and Works Agency for Palestinian Refugees in the Middle East (Axencia das Nacións Unidas para os refuxiados de Palestina en Oriente Medio)

Código/s CRS: : 12220 Atención sanitaria básica

Zona de actuación: Franxa de Gaza

País: Territorios Palestinos

Rexión: Oriente próximo

Descrición: o actual convenio asínase no marco da pandemia global por coronavirus, coa finalidade de contribuír a frear a súa afectación, e céntranse en proporcionarlle atención médica á poboación refuxiada de Palestina na Franxa de Gaza mediante a provisión dos recursos sanitarios necesarios.

As persoas que viven na franxa fano en condicións de amoreamento, en particular nos campamentos de refuxiados e nas zonas pobres e densamente poboadas, co que corre un maior risco de contaxio debido aos precarios sistemas de saneamento, incluído a subministración de auga deficiente e irregular e as latrinas compartidas.

O proxecto financia a contratación de 5 profesionais da enfermería a xornada completa que desenvolverán as súas funcións en 5 centros de saúde de UNRWA na Franxa de Gaza. Ao mesmo tempo o proxecto contribuír á adquisición de material sanitario de protección e hixiene para dotar de recursos materiais a polo menos 5 centros de saúde da zona de intervención.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: garantir o dereito á saúde das persoas refuxiadas de Palestina na Franxa de Gaza fronte a ameaza da COVID-19.

Obxectivo específico: proporcionarlle atención médica fronte á pandemia da COVID-19 á poboación refuxiada de Palestina na Franxa de Gaza mediante a provisión dos recursos sanitarios necesarios.

Poboación beneficiaria:

Directa: a poboación meta beneficiaria é un total de 315.557 persoas (154.623 mulleres e 160.934 homes) nos 5 centros de saúde nos que se desenvolverá este proxecto (entre as persoas que cobren todos os criterios para ser refuxiadas de Palestina como as que non, pero que sufriron significativas perdas ou dificultades como consecuencia ou relacionadas co conflito de 1948).

Axuda Xunta de Galicia: 30.000 € (2020)

05. Acordo de prórroga do Convenio entre a cooperación descentralizada e a Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento para a actuación conxunta e coordinada en materia de acción humanitaria

Axente: Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID) e as comunidades autónomas de Galicia, Principado de Asturias, Cantabria, A Rioxa, Rexión de Murcia, Comunitat Valenciana, Canarias, Illes Balears, Comunidade de Madrid, Castela e León, Extremadura e a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP)

Código/s CRS: 720 Axuda de emerxencia

Descrición: prórroga do convenio entre a cooperación descentralizada e a AECID para a actuación conxunta e coordinada en materia de acción humanitaria, subscrito o 3 de outubro de 2018, publicado no BOE o 9 de novembro de 2018, cuxa vixencia foi prorrogada nunha primeira anualidade a través da Addenda modificativa relativa ao acordo de prórroga e ao acto de adhesión do convenio entre a cooperación descentralizada e a Axencia Española de

5. Axuda humanitaria e de emerxencia

Cooperación Internacional para o Desenvolvemento para a actuación conxunta e coordinada en materia de acción humanitaria, publicada no BOE o 6 de novembro de 2019.

Este convenio permite, por unha banda, o establecemento dunha relación de coordinación constante entre a Oficina de Acción Humanitaria (OAH) da AECID e as comunidades autónomas participantes, e por outra, o financiamento conxunto das intervencións que se seleccionen. No marco do devandito convenio, a AECID adquire o compromiso de destinar anualmente 1.000.000 € e cada unha das CCAA un mínimo de 50.000 € anuais.

Para a coordinación das actuacións previstas neste convenio existe unha comisión de coordinación, seguimento, vixilancia e control, co obxecto principal de coordinar e decidir as actuacións que se apoiarán no seu marco, así como de resolver os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir. A devandita comisión integrada por dous representantes da AECID e dos representantes de cada unha das comunidades autónomas. A presidencia desta comisión é rotatoria, por períodos semestrais e a secretaría técnica corresponderalle sempre á AECID.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: regular a colaboración da AECID e as comunidades autónomas parte en materia de acción humanitaria.

Intervencións: a dotación total do convenio para o 2020 repartíuse entre as seguintes intervencións:

- Apoio ao Plan estratéxico provisional país para Alxeria (2019-2022) do Programa mundial de alimentos (PMA), para proporcionar asistencia alimentaria, a través da distribución de 1.208 toneladas de produtos (692 toneladas de fariña de trigo, 172 toneladas de cebada, 172 toneladas de arroz e 172 toneladas de legumes), que contribuirán a cubrir parte da cesta básica para 133.672 refuxiados/as saharauís dos campamentos de Tindouf, ademais de apoiar as 19.096 persoas cuxa seguridade alimentaria se ten visto afectada pola pandemia COVID-19.

Esta intervención apoiouse cun financiamento de 500.000 €.

- Contribución ao chamamento preliminar de resposta operacional ao COVID-19 do CICR en Venezuela, para facerlle fronte á problemática derivada nos ámbitos da saúde, auga e saneamento, seguridade económica e alimentaria, ámbito forense, restablecemento de contacto familiar e protección. Esta intervención apoiouse cun financiamento de 500.000 €.
- Apoio a ONU Mulleres en Malí para a protección e resiliencia económica ás mulleres e nenas nas rexións de Mopti e Gao, a través da prevención da violencia de xénero e a protección das mulleres e nenas afectadas por conflitos e en risco de violacións dos dereitos humanos no contexto de COVID-19, da mellora da atención integral dos sobreviventes de VG a través de asistencia integrada e accións de emerxencia e do desenvolvemento da resiliencia das mulleres e as nenas nas comunidades afectadas por conflitos mediante o apoio ao seu acceso aos medios de vida no contexto de COVID-19. Esta intervención contou cun financiamento de 350.000€.
- Con cargo ao fondo de continxencia creado a través do convenio cunha dotación de 250.000 € decidiuse, destinar o importe a apoiar as operacións de emerxencia tras os devastadores efectos dos furacáns ETA e IOTA en Honduras, en colaboración con UNICEF.

Axuda Xunta de Galicia: 50.000€ (2020)

5. Axuda humanitaria e de emerxencia

06. Convenio de colaboración coa Asociación España con ACNUR (Comité español do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados) para o proxecto “Loita contra a violencia sexual e a discriminación socioeconómica das mulleres na República Democrática do Congo - RDC”

Axente: Asociación España con ACNUR

Socio local: Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados (UNHCR/ACNUR) - RDC

Código/s CRS: 11430 Formación superior técnica e de dirección

Zona de actuación: provincias de Nord e Sur Ubangi e Bas-Uelé

País: República Democrática do Congo- RDC

Rexión: África Subsahariana

Descrición: convenio asinado no marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero para o financiamento de actuacións no marco das medidas 36 e 37 do dito pacto, que afectan o ámbito da cooperación internacional.

O presente proxecto, en cumprimento da medida 36, pretende garantir o dereito á seguridade, a integridade física, a liberdade profesional, a igualdade entre homes e mulleres e a vivir nunha medio ambiente ecoloxicamente equilibrado ás mulleres refuxiadas centroafricanas residentes nas provincias de Nord e Sud Ubangi e Bas-Uelé na República Democrática do Congo-RDC. Quérese garantir a seguridade e o apoderamento socio-económico das mulleres refuxiadas centroafricanas vítimas de violencia sexual e de xénero nos 4 campos de actuación deste proxecto e as comunidades de Bondo e a promoción do dereito á liberdade profesional das máis novas. Ten por obxectivo tamén instaurar procedementos de cohesión social a nivel comunitario.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: protexer os dereitos fundamentais e mellorar as condicións de vida da

poboación refuxiada centroafricana nas provincias de Nord e Sur Ubangi e Bas-Uelé, República Democrática do Congo (RDC).

Obxectivo específico: garantir o dereito á seguridade, a integridade física, a liberdade profesional, a igualdade entre homes e mulleres e a vivir nun medio ambiente ecoloxicamente equilibrado a 37.475 mulleres refuxiadas centroafricanas residentes nas provincias de Nord e Sud Ubangi e Bas-Uelé na RDC.

Poboación beneficiaria:

Directa: poboación refuxiada centroafricana situada nos campos de Mole e Boyabu-provincia de Sud-Ubangui, campos de Inke e Bili provincia de Nord- Ubangi e dentro da comunidade de Bondo-Provincia de Bas-Uelé, que ascende a un total de 37.475 mulleres e 32.588 homes.

Indirecta: poboación congoleza de acollida da área de Bondo (19.601 persoas-segundo as últimas estatísticas dispoñibles).

Axuda Xunta de Galicia: 84.000 € (2020)

07. Convenio de colaboración con UNRWA España para o proxecto “Protección e atención ás mulleres sobreviventes de violencia machista nos campos de poboación refuxiada da Franxa de Gaza durante a pandemia de COVID-19”

Axente: UNRWA España

Socio local: Axencia das Nacións Unidas para os refuxiados de Palestina en Oriente Medio

Código/s CRS: 12191 Servizos médicos

Zona de actuación: Franxa de Gaza

País: Territorios Palestinos

Rexión: Oriente Próximo

Descrición: convenio asinado no marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero para o financiamento de actuacións no marco das medidas 36 e 37 do devandito pacto, que afectan o ámbito da cooperación internacional.

5. Axuda humanitaria e de emerxencia

En concreto e en cumprimento da medida 36, traballase na mellora da atención integral a mulleres e nenas vítimas de violencia no actual contexto xerado pola pandemia da COVID-19, que someteu as mulleres e nenas a maior risco de violencia.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: garantir o dereito das mulleres refuxiadas de Palestina na Franxa de Gaza á liberdade, a seguridade e a vida, libres de violencia machista.

Obxectivo específico: mellorar a protección e a atención integral no tratamento de casos de violencia machista e sensibilizar a comunidade sobre a realidade das mulleres sobreviventes refuxiadas de Palestina nos campos da Franxa de Gaza.

Poboación beneficiaria:

Directa: en total 2.267 persoas beneficiaríanse desta intervención, das cales 1.551 (o 68 %) serán mulleres.

- 570 mulleres beneficiaríanse das sesións de terapias individuais e grupais.
- 1.500 persoas participarán nas sesións psicoeducativas e de sensibilización pública á comunidade, das cales o 65 % (975) serán mulleres e os 35 % homes (525).
- Sete terapeutas de sete centros de saúde da Franxa de Gaza, dos cales o 86 % serán mulleres.

Axuda Xunta de Galicia: 84.000 € (2020)

08. Convenio de colaboración coa Fundación UNICEF Comité Español para o proxecto “Servizos integrados de prevención e resposta á violencia de xénero e protección infantil para nenos e nenas refuxiadas en Uganda”

Axente: Fundación UNICEF Comité Español

Socio local: UNICEF Uganda

Código/s CRS: 15160 dereitos humanos

Zona de Actuación: Campo de Refuxiados de Yumbe

País: Uganda

Rexión: África oriental

Descrición: convenio asinado no marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero para o financiamento de actuacións no marco das medidas 36 e 37 do dito pacto, que afectan o ámbito da cooperación internacional.

En cumprimento concreto da medida 37 e nun contexto de alta vulnerabilidade no que viven centos de miles de nenas, nenos e mulleres refuxiadas en Uganda, os nenos vulnerables, e especialmente as nenas, requiren servizos de protección específicos.

É necesario abordar os riscos de protección de maneira preventiva mediante actividades destinadas a lograr cambios nos coñecementos, as actitudes e as percepcións das poboacións de refuxiados en relación coa violencia de xénero.

Os casos identificados deben recibir unha resposta oportuna e apropiada de protección infantil multisectorial e/ou específica de violencia de xénero.

Ademais da participación/mobilización da comunidade e os diálogos comunitarios, a resposta debe incluír, a localización e reunificación das familias, o apoio psicosocial, os coidados alternativos, o apoio ás nais, o apoio individual, así como unha resposta xurídica, médica e de seguridade para abordar adecuadamente as necesidades relacionadas especificamente coa violencia de xénero.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: as nenas e nenos do asentamento de refuxiados de Yumbe e das comunidades de acollida están protexidos de todas as formas de violencia, incluída a violencia de xénero.

Obxectivo específico: refórzase o sistema de protección da infancia en Yumbe, con servizos de prevención e resposta reforzados para asegurar que todas as nenas e nenos estean protexidos de

5. Axuda humanitaria e de emerxencia

todas as formas de violencia, incluída a violencia de xénero.

Poboación beneficiaria:

Directa: 800 nenas, 748 nenos e 50 adolescentes (25 homes, 25 mulleres), sendo un total de 1598.

Indirecta: 500 pais, nais e coidadores (300 homes, 200 mulleres), 120 líderes (60 homes, 60 mulleres) e 40 provedores de servizos (10 policía e 10 traballadoras de saúde), sendo un total de 660.

Axuda Xunta de Galicia: 84.000 € (2020)



6. Actuacións de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global

6.1 Convocatoria 2020 de proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global

O obxecto desta convocatoria é regular a concesión de subvencións para proxectos desenvoltoos polas ONGD dentro dalgunha das catro dimensións seguintes:

- a) Sensibilización e concienciación da opinión pública en materia de cooperación para o desenvolvemento e causas da pobreza.
- b) Formación sobre o desenvolvemento e difusión nos ámbitos educativos do coñecemento da realidade dos países empobrecidos e da cooperación para o desenvolvemento.
- c) Investigación sobre o desenvolvemento.
- d) Incidencia, participación e mobilización social para crear redes de solidariedade na nosa sociedade.

A orde que regula estas convocatorias foi publicada no DOG do 7 de xullo de 2020. Trátase dunha convocatoria plurianual cunha dotación total de 500.000 €.

Presentáronse 21 proxectos dos que foron subvencionados 10. A convocatoria resolveuse o día 28 de setembro e a concesión de subvencións foi publicada no DOG do 10 de novembro de 2020.

Os proxectos aprobados son os seguintes:

6. Actuacións de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global

01. Mellora das capacidades e ferramentas xeradoras de conciencia crítica no ensino infantil, de primaria, de secundaria e universitario galego

Axente: Asemblea de Cooperación pola Paz (ACPP) agrupada con Asociación Galega de Reporteiros Solidarios (AGARESO).

Código/s CRS: 99820 Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento

Zona de actuación: Galicia

País: España

Rexión: Europa

Descrición: o proxecto enmárcase no programa Escolas Sen Racismo, Escolas para a Paz e o Desenvolvemento (ESR-EPD), o cal enfoca unha educación baseada nos valores de paz, resolución de conflitos, solidariedade e equidade desde unha perspectiva global, que inclúa a responsabilidade persoal e colectiva co desenvolvemento humano.

Constitúe unha aposta integral pola formación en educación e comunicación para o desenvolvemento na comunidade galega, que abrangue desde a educación infantil ata a universitaria.

O seu obxectivo xeral é contribuír ao fortalecemento da educación e comunicación para o desenvolvemento e a cidadanía global en Galicia a través da mellora das capacidades e ferramentas xeradoras de conciencia crítica no ensino infantil, de primaria, de secundaria e universitario galego (obxectivo específico).

Este proxecto proporciona ferramentas teóricas e prácticas para potenciar o diálogo, a participación, a corresponsabilidade e o compromiso transformador en 8 centros educativos das provincias da Coruña e Pontevedra, que ao longo do curso adquiren un compromiso que se concreta nas actividades de Escolas Sen Racismo, Escolas pola Paz e o Desenvolvemento promovidas desde ACPP, AGARESO e pola súa comunidade educativa conxuntamente. Os centros

participantes no ESR-EPD 2020-2021 son cinco institutos de educación secundaria (IES de Brión, IES Laxeiro de Lalín, IES Gonzalo Torrente Ballester de Pontevedra, IES Milladoiro de Ames e IES Xulián Magariños de Negreira) e tres centros de primaria (CEIP López Ferreiro, CPR Vilas Alborada e CEIP Apóstolo Santiago de Santiago de Compostela).

Obxectivos:

Obxectivo xeral: contribuír ao fortalecemento da educación e comunicación para o desenvolvemento e a cidadanía global en Galicia.

Obxectivo específico: mellora das capacidades e ferramentas xeradoras de conciencia crítica no ensino de infantil, de primaria, de secundaria e universitario galego.

Poboación beneficiaria:

Directa: 1.364 persoas (704 mulleres e 660 homes) que forman parte da comunidade educativa.

Indirecta: 3.000 persoas (1.500 mulleres e 1.500 homes), entre axentes da comunidade educativa e a sociedade en xeral.

Avaliación: prevista

Axuda Xunta de Galicia: 45.000 € (2020: 18.000 €; 2021: 27.000 €)



02. Campaña Mundial pola Educación 2021 en Galicia

Axente: Fundación Educación y Cooperación (EDUCO) agrupada con Fundación Ayuda en Acción, Fundación Entreculturas - Fe y Alegría, Fundación Taller de Solidaridad e a Universidade de Santiago de Compostela (grupo de investigación GI-1426 Hermenéutica Filosófica e Historia da Filosofía)

Código/s CRS: 99820 Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento

Zona de actuación: Galicia

País: España

Rexión: Europa

Descrición: o equipo territorial da Campaña Mundial pola Educación (CME) está integrado actualmente por EDUCO, Ayuda en Acción, Fundación Entreculturas, Fundación Taller de Solidaridad e a Universidade de Santiago de Compostela. Lidera e dinamiza en Galicia as actividades de sensibilización, concienciación, formación, mobilización social e incidencia política. A devandita campaña promove e reivindica o dereito á educación a través da existencia aos gobernos e á comunidade internacional da realización efectiva do dereito humano a unha educación para todas as persoas no marco da Axenda de Educación 2030 e do Obxectivo de Desenvolvemento Sostible (ODS) 4: "Educación de calidade".

As actividades do proxecto desenvolveranse entre setembro de 2020 e setembro de 2021, concentrándose as actividades no curso académico 2020/2021 xa que o proxecto prevé actividades de sensibilización e de formación e mobilización no eido educativo formal de primaria, secundaria e universitario.

As persoas participantes no proxecto serán 36 docentes de primaria e secundaria, 8 docentes universitarios, 1.248 estudantes de primaria e secundaria e 200 estudantes universitarios. Ademais, a difusión pública das actividades do proxecto chegará a 10.000 persoas. Para as actividades en centros educativos de primaria e secundaria cóntase con 34 centros

educativos que teñen participado con anterioridade na CME. A capacidade de multiplicación e réplica do proxecto queda garantida pola natureza do público obxectivo e pola continuidade da CME en Galicia no horizonte do 2030.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: contribuír ao cumprimento dos compromisos internacionais asumidos polos gobernos mediante a aprobación da Axenda 2030 das Nacións Unidas e, en concreto, a través do cumprimento efectivo do ODS 4: garantir unha educación inclusiva, equitativa e de calidade, e promover oportunidades de aprendizaxe ao longo da vida para todos e todas.

Obxectivo específico: a comunidade educativa galega incrementa o seu compromiso, participación social e apoderamento na demanda de respostas sociais, educativas e políticas para a apropiación do dereito humano á educación, o ODS 4 e da Axenda 2030 das Nacións Unidas por parte das persoas gobernantes e representantes políticos a nivel local e autonómico

Poboación beneficiaria:

Directa: 1.518 persoas (769 mulleres e 749 homes), entre a comunidade educativa (profesorado e estudantes), gobernantes e persoas responsables da política pública de cooperación para o desenvolvemento en Galicia e cidadanía xeral.

Indirecta: 6.480 persoas en calidade de lectores, oíntes e telespectadores das novas que se recollan nos medios de comunicación e nas redes sociais vinculados a esta Campaña Mundial pola Educación no curso 2020-2021.

Avaliación: prevista

Axuda Xunta de Galicia: 44.905 € (2020: 17.962 €; 2021: 26.943€)

6. Actuacións de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global

03. Melloras das capacidades de reflexión crítica e de xeración de produtos educomunicativos do alumnado de secundaria de Ames, Bueu, Silleda, Viana do Bolo e Brión e do profesorado de centros públicos de Galicia (EpDLab)

Axente: Asociación Galega de Reporteiros Solidarios (AGARESO)

Código/s CRS: 99820 Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento

Zona de actuación: Galicia

País: España

Rexión: Europa

Descrición: o proxecto EpDLab Fase 6 é un proxecto multimedia de comunicación para o desenvolvemento no que participan 5 centros educativos de 5 concellos de diferentes puntos de Galicia -Ames, Bueu, Silleda, Viana do Bolo e Brión- e máis de Latinoamérica: os centros de ensino dos bateys de La Cubana e Olivares, no municipio de Ramón Santana, provincia de San Pedro de Macorís, na República Dominicana, que participa a través dunha actividade concreta.

O obxectivo principal de EpDLab é a mellora da capacidade de reflexión crítica e o uso das TIC como ferramenta de comunicación para o cambio social no alumnado e no profesorado de Ames, Bueu, Silleda, Viana do Bolo e Brión.

O proxecto traballará na produción de contidos transmedia ao redor de tres bloques temáticos: o sexismo e a igualdade de xénero, os prexuízos raciais e a interculturalidade e as relacións norte-sur e o consumo responsable. Tanto alumnado como profesorado recibirán formación no uso activo e responsable das TIC para a defensa dos valores como a igualdade, a tolerancia, a defensa dos dereitos humanos, a corresponsabilidade, o consumo e a loita contra a desigualdade global.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: sensibilización social respecto das causas da desigualdade global e o papel da comunicación como motor de transformación social na educación secundaria.

Obxectivo específico: mellora da capacidade de reflexión crítica e xeración de produtos audiovisuais educomunicativos do alumnado e profesorado de secundaria de Ames, Bueu, Viana do Bolo.

Poboación beneficiaria:

Directa: 139 persoas (65 mulleres e 74 homes), entre as que se atopan rapaces e rapazas obxecto das formacións, docentes formadores responsables e asistentes a formacións homologables.

Indirecta: 1.745 persoas (867 mulleres e 878 homes).

Avaliación: prevista

Axuda Xunta de Galicia: 34.396 € (2020: 13.758,40 €; 2021: 20.637,60 €)

04. A Aprendizaxe-Servizo na saúde comunitaria: construíndo cidadanía global para a transformación social na comunidade universitaria

Axente: Farmacéuticos Mundi en agrupación coa Universidade de Santiago de Compostela (Servizo de Participación e Integración Universitaria)

Código/s CRS: 99820 Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento

Zona de actuación: Galicia

País: España

Rexión: Europa

Descrición: este proxecto xorde da traxectoria previa entre a USC e FM, dando continuidade ao traballo realizado en común pola USC en materia de participación e integración universitaria coa implantación da metodoloxía pedagóxica da Aprendizaxe-Servizo na comunidade universitaria, e a experiencia de Farmamundi Galicia na execución de proxectos de

6. Actuacións de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global

ECG sobre dereitos humanos, saúde global e comunitaria e equidade de xénero.

O proxecto é froito da colaboración desenvolvida entre Farmamundi e a Universidade de Santiago (USC), especialmente coas titulacións das áreas de ciencias da saúde e ciencias sociais durante os cursos académicos 2017/2018, 2018/2019 e 2019/2020, o estudantado universitario e o corpo docente universitario integráronse nun proxecto que promovía a defensa do dereito universal á saúde a través de diferentes disciplinas artísticas empregando a metodoloxía pedagóxica da Aprendizaxe-Servizo.

Deste xeito nace a seguinte proposta co obxectivo de fortalecer as capacidades da comunidade educativa da USC para promover procesos de transformación social ligados a defensa da saúde global, fundamentándose no modelo de saúde global e comunitaria e na saúde comunitaria baseada en activos a través da metodoloxía pedagóxica da Aprendizaxe-Servizo para contribuír á construción dunha cidadanía global máis comprometida cos dereitos humanos.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: contribuír á construción dunha cidadanía global en Galicia, consciente

e comprometida co desenvolvemento humano (DDHH) no marco dos ODS.

Obxectivo específico: fortalecidas as capacidades da comunidade educativa da Universidade de Santiago de Compostela (titulares de dereitos e responsabilidades das facultades de ciencias da saúde) para promover procesos de educación para a transformación social na defensa do dereito á saúde global e comunitaria desde os enfoques de xénero en desenvolvemento (XED), baseado en dereitos humanos (BDS) e medioambiental.

Poboación beneficiaria:

Directa: 2.990 persoas (1.546 mulleres e 1.444 homes), entre alumnado, profesorado universitario, alumnado de secundaria, profesionais de entidades sociais e cidadanía xeral.

Indirecta: 16.435 persoas (8.839 mulleres e 7.596 homes), entre alumnado, profesorado universitario, alumnado de secundaria, profesionais de entidades sociais e cidadanía xeral.

Avaliación: prevista

Axuda Xunta de Galicia: 44.979 € (2020: 17.991,60 €; 2021: 26.987,40 €)



6. Actuacións de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global

05. Elas deciden

Axente: Asemblea de Cooperación pola Paz (ACPP).

Código/s CRS: 99820 Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento

Zona de actuación: Galicia

País: España

Rexión: Europa

Descrición: o proxecto intégrase nunha estratexia global de ACPP destinada a sensibilizar sobre os procesos de apoderamento das mulleres a un e outro lado desta “liña” sur-norte global e, ademais, darlle a coñecer ao conxunto da sociedade o labor que desenvolven as mulleres das organizacións sociais locais coas que traballamos para así comprendelas mellor, rachar prexuízos e para coñecer realmente as dimensións e implicacións da cooperación internacional.

A orixe da proposta xorde das necesidades detectadas na propia organización e nas reflexións formuladas nos espazos de incidencia nos que ACPP participa, como a Coordinadora Galega de ONGD. Observouse que, se ben existen diversas organizacións que levan a cabo accións de sensibilización relacionadas coa situación das mulleres en países do sur, practicamente non se coñecen propostas que interconecten ambas as realidades e, aínda menos, que interconecten titulares de dereitos como serán, neste proxecto, as mulleres salvadoreñas e as mulleres galegas organizadas en diversos colectivos de carácter feminista.

O proxecto desenvólvese arredor de 3 eixes: situación dos dereitos das mulleres no Salvador; a relación con esa realidade dende ACPP-Galicia, e a necesidade de establecer vínculos para xerar aprendizaxes e fortalecer capacidade de cambio dos diferentes axentes que protagonizarán as accións.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: contribuír ao coñecemento, sensibilización e implicación no eido da cooperación internacional e sobre o papel dos

movementos de mulleres na consecución da equidade de xénero no marco da Axenda 2030 (ODS 5).

Obxectivo específico: mellorar as capacidades da comunidade educativa galega, axentes chave e titulares de obrigas en materia de dereitos das mulleres, especialmente sexuais e reprodutivos.

Poboación beneficiaria:

Directa: 345 persoas (220 mulleres e 145 homes), entre alumnado, profesorado, entidades ou iniciativas estratéxicas aliadas, organizacións e colectivos feministas e titulares de responsabilidades e poboación civil.

Indirecta: 19.500 persoas (11.300 mulleres e 8.200 homes).

Avaliación:

Axuda Xunta de Galicia: 32.844,70 € (2020: 13.137,88 €; 2021: 19.706,82 €)

06. O movemento social do comercio xusto como exercicio de cidadanía global: unha contribución á consecución da Axenda 2030 desde Galicia

Axente: Solidariedade Internacional Galicia (SIG)

Código/s CRS: 99820 Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento

Zona de actuación: Galicia

País: España

Rexión: Europa

Descrición: o proxecto abórdase de xeito integral dende 3 dimensións da EDCG: investigación, sensibilización, mobilización social e incidencia política. Este farase mediante un conxunto de actividades que se en 8 concellos galegos arredor da temática principal do Comercio Xusto.

A finalidade deste é fortalecer as capacidades do Movemento Social do Comercio Xusto como exercicio de Educación para a Cidadanía Global e como estratexia que permita contribuír por unha banda,

6. Actuacións de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global

á configuración dunha cidadanía global crítica, responsable, activa e participativa na construción dunha nova sociedade, tanto no norte coma no sur, comprometida coa solidariedade, a corresponsabilidade, a interdependencia, o medio ambiente e o desenvolvemento humano e sostible; e por outra banda, contribuír aos obxectivos da Axenda 2030 dende comunidade autónoma galega.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: contribuír a garantir o acceso á información e aos coñecementos de calidade sobre o comercio xusto e o consumo responsable para a práctica do desenvolvemento sostible e os estilos de vida en harmonía coa natureza.

Obxectivo específico: fortalecidas as capacidades do movemento social do comercio xusto como estratexia para contribución á Axenda 2030 desde Galicia.

Poboación beneficiaria:

Directa: 14.228 persoas (10.968 mulleres e 3.260 homes), entre persoas do sector da cooperación galega, REAS Galicia, participantes nas micro-experiencias, nas accións de fortalecemento (equipa técnica, xunta directiva, voluntariado e colaboradores e alumnado de prácticas), representantes políticos, asistentes ás obras de teatro e clientela das tendas de comercio xusto.

Indirecta: 59.703 persoas (37.385 mulleres e 22.318 homes).

Avaliación: prevista

Axuda Xunta de Galicia: 34.849,73 € (2020: 13.939,89 €; 2021: 20.909,84 €)

07. Construción de recursos e capacidades para a integración dos ODS na Rede de Eco Hortas Escolares

Axente: Amigos da Terra

Código/s CRS: 99820 Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento

Zona de actuación: Galicia

País: España

Rexión: Europa

Descrición: o proxecto ten como meta promover unha comunidade educativa galega concienciada e participativa na construción de modelos alimentarios máis sustentables. Para iso traballarase a partir dunha liña de acción focalizada na educación formal, dentro da Rede de Eco Hortas Escolares, e cunha rede de traballo colaborativo arredor das hortas escolares, impulsada por Amigos da Terra.

Será preciso buscar o fortalecemento e a sostibilidade da rede, afóndase en estratexias que xeren a integración curricular dos proxectos de horta, e a Axenda 2030 será unha oportunidade única de transversalización.

O obxectivo específico do proxecto é “facilitar ferramentas e capacidades para a integración dos ODS nos proxectos de horta dos centros participantes na Rede de Eco Hortas Escolares”.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: contribuír á mellora do coñecemento sobre alternativas de acción para o cumprimento da Axenda 2030 e os ODS relacionados coa produción e consumo sostibles nos centros participantes na Rede de Eco Hortas Escolares.

Obxectivo específico: facilitadas ferramentas e capacidades para a integración dos ODS nos proxectos de horta dos centros participantes na Rede de Eco Hortas Escolares.

Poboación beneficiaria:

Directa: a poboación beneficiaria directa é un total de 532 persoas (327 mulleres e 205 homes), entre docentes, persoal técnico de programas educativos, alumnado de educación infantil e primaria, ANPA, alumnado universitario e mulleres labregas de Honduras.

Indirecta: a poboación beneficiaria indirecta é un total de 8.300 persoas (4.980 mulleres e 3.320 homes), entre esta clase está o alumnado dos

6. Actuacións de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global

centros que participan na Rede de Eco Hortas Escolares e público adultos que asistirá a actividades audiovisuais.

Axuda Xunta de Galicia: 18.956,25 € (2020: 7.582,50 €; 2021: 11.373,75 €)

08. Investigación-Acción-Formación para fortalecer a educación e integración do dereito ao hábitat en centros educativos de secundaria e entre axentes multiplicadores clave en Galicia. Fase 2

Axente: Arquitecturas sen Fronteiras (ASF)

Código/s CRS: 99820 Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento

Zona de actuación: Galicia

País: España

Rexión: Europa

Descrición: o proxecto focalízase arredor da súa acción nos centros educativos de secundaria da Coruña e na facilitación de espazos de formación para axentes multiplicadores neste campo cunha serie de actividades que xiran arredor de:

- Creación propostas educativas cada vez máis integrais e transdisciplinares arredor do dereito ao hábitat. Este tema aborda o enfoque ecofeminista e ecosocial dende as distintas dimensións do dereito ao hábitat (física, social e ambiental) partindo do contexto máis inmediato de análise e vivencia no centro educativo a unha dimensión máis global.
- Xeración de espazos para a formación transdisciplinar de persoas e perfís clave polo seu papel no eido educativo tanto da educación formal, non formal, e da arquitectura e o urbanismo, sobre os contidos que consideramos relevantes sobre Dereito ao Hábitat dende ese enfoque ecofeminista e ecosocial, e enfocado en traballar e multiplicar intervencións con alumnado en centros educativos de diversos niveis.

- Continuidade da IAP iniciada na fase I, iniciando a sistematización das experiencias en centros educativos nestes últimos 7 anos no marco de proxectos de EpD financiados en boa parte pola DXREUE.

- O desenvolvemento de actividades relacionadas coa mellora da xestión e difusión do traballo de ASF, e con máis incidencia do grupo de EpD a través de procesos de avaliación do traballo, de formación interna e de comunicación das nosas accións e de outras complementarias desenvolvidas por axentes do sector social, da cooperación e educación.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: contribuír ao desenvolvemento dunha cidadanía crítica e activa na defensa do dereito ao hábitat en Galicia.

Obxectivo específico: incrementado o coñecemento sobre problemáticas sobre o Dereito ao Hábitat, e a adquisición de competencias e ferramentas para a defensa deste, cun enfoque ecosocial e ecofeminista, no contexto educativo de secundaria e entre axentes multiplicadores clave en Galicia.

Poboación beneficiaria:

Directa: a poboación beneficiaria directa é un total de 374 persoas (228 mulleres e 146 homes), entre profesorado de secundaria, alumnado de secundaria, ANPA, axentes multiplicadores (profesionais de arquitectura e educación), profesorado universitario da UDC e voluntariado ASF.

Indirecta: a poboación beneficiaria indirecta é un total de 500 persoas (250 alumnas e 250 alumnos), entre alumnado de secundaria e alumnado de centros educativos participantes do proxecto Terra no Plan proxecta.

Avaliación: prevista

Axuda Xunta de Galicia: 34.985 € (2020: 13.994 €; 2021: 20.991€)



6. Actuacións de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global

09. De Ítaca a Ávalon. Proxecto ponte entre a Fase I e II

Axente: Fundación InteRed Galicia

Código/s CRS: 99820 Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento

Zona de actuación: Galicia

País: España

Rexión: Europa

Descrición: o proxecto De Ítaca a Ávalon: Da igualdade na educación á coeducación para a transformación social e polo dereito a unha vida libre de violencia machista era un proxecto pensado nun horizonte a tres anos, interrompido nas súas actividades por mor do confinamento por COVID-19, polo que neste caso se introduce un proxecto ponte de continuidade da Fase I iniciada na convocatoria de EdP 2019 para completar e adecuar as accións da primeira fase interrompidas pola COVID-19 á actual situación, que fai especial incidencia en desenvolver a corrente da coeducación nos diferentes espazos educativos nos que se está a traballar.

O obxectivo principal deste proxecto é promover unha cidadanía crítica, activa e responsábel,

comprometida coa promoción de sociedades libres de violencia machista a través da coeducación para a transformación social acorde á Axenda 2030 e aos Obxectivos do Desenvolvemento Sostible (ODS).

Obxectivos:

Obxectivo xeral: promover unha cidadanía galega crítica, responsable e comprometida coa erradicación das desigualdades sociais e coa promoción de sociedades libres de violencia machista dende a coeducación.

Obxectivo específico: favorecer o compromiso coa igualdade de xénero (ODS 5) en tempos de pandemia global dende a coeducación para a transformación social en espazos do ámbito escolar e non escolar.

Poboación beneficiaria:

Directa: a poboación beneficiaria directa é un total de 283 persoas (182 mulleres e 101 homes), entre profesorado, alumnado, as ANPA/AFA, servizos sociais, redes asociativas de comunidades próximas, voluntariado de InteRed.

Indirecta: a poboación beneficiaria indirecta é un total de 2.366 persoas (1.448 mulleres e 918 homes).

Avaliación: prevista.

Axuda Xunta de Galicia: 24.144,83 € (2020: 9.657,93 €; 2021: 14.486,90 €)



10. O Globo; observatorio para educar na cidadanía global

Axente: Solidariedade Internacional de Galicia (SIG)

Código/s CRS: 99820 Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento

Zona de actuación: Galicia

País: España

Rexión: Europa

Descrición: defínese O Globo coma unha ferramenta de participación que alberga e impulsa microexperiencias de transformación social e espazos de intercambio para compartilas e trasladalas á sociedade. É tanto un espazo físico (que se desenvolve en encontros anuais onde os centros educativos, as ONGD e outras entidades intercambian aprendizaxes, reflexionan e constrúen cidadanía global) coma un espazo virtual (onde compartir as microexperiencias de transformación social, atopar información de utilidade, boas prácticas e recursos didácticos). Por todo, o obxectivo último do Globo é a mobilización, a incidencia social e política.

O proxecto desenvolverase con 8 centros educativos galegos e, polo menos, 15 colectivos xuvenís galegos nos que se abordará a EDCG en xeral e a participación en particular a través dunha tripla dimensión:

- A investigación. A través da realización de 5 actividades que teñen coma obxectivo xenerar coñecemento e propoñer respostas aos retos da participación en Galicia.
- A acción. A través da promoción de microexperiencias de transformación social que sexan espazos vivencias de experimentación da participación con enfoque EDCG.
- A sensibilización social. A través da difusión e divulgación dos resultados da investigación e das microexperiencias de transformación social que permitirán mellorar a información

dispoñible e contar con referentes para o exercicio da participación.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: contribuír á promoción dunha cultura participativa en Galicia con enfoque de EDCG (Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global).

Obxectivo específico: promocionar oportunidades para unha aprendizaxe significativa en materia de participación con perspectiva global das persoas activistas e voluntarias de colectivos formais e non formais de Galicia (con especial atención á xuventude) e do alumnado de 8 centros educativos.

Poboación beneficiaria:

Directa: a poboación beneficiaria directa é un total de 252 persoas (124 mulleres e 128 homes), configurada polo equipo humano de SIG, profesorado participante, colectivos formais e/ou non formais, e o alumnado.

Indirecta: a poboación beneficiaria indirecta é un total de 504.062 (202.623 mulleres e 301.439 homes), configurada polo resto do alumnado dos centros educativos participantes, as familias, os destinatarios/as das accións de difusión en Redes Sociais propias e os lectores dos medios tradicionais.

Avaliación: prevista

Axuda Xunta de Galicia: 34.998,22 € (2020: 13.999,29 €; 2021: 20.998,93 €)

6.2 Convocatoria 2019 de proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global

01. Campaña Mundial pola Educación 2020 en Galicia

Axente: Fundación Ayuda en Acción agrupada con Fundación Entreculturas - Fe y Alegría, EDUCO e Fundación Taller de Solidaridad

Zona de actuación: Galicia

Axuda Xunta de Galicia: 45.000 € (2019: 18.000 €; 2020: 27.000 €)

02. Mellora das capacidades e ferramentas xeradoras de conciencia crítica no ensino infantil, de primaria, de secundaria e universidades galego

Axente: Asemblea de Cooperación pola Paz (ACPP) agrupada con Asociación Galega de Reporteiros Solidarios (AGARESO).

Zona de actuación: Galicia

Axuda Xunta de Galicia: 45.000,00 € (2019: 18.000,00 €; 2020: 27.000,00 €)

03. Melloras das capacidades de reflexión crítica e de xeración de produtos educomunicativos do alumnado de secundaria de Ames, Bueu, Silleda, Viana do Bolo e Brión

Axente: Asociación Galega de Reporteiros Solidarios (AGARESO)

Código/s CRS: 99820 Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento

Zona de actuación: Galicia

Axuda Xunta de Galicia: 34.991 € (2019: 13.996,40 €; 2020: 20.994,60 €)

04. Horizonte 2030: Construído liderados positivos para unha xuventude galega transformadora. Fase III: da acción á transformación.

Axente: Asociación Solidariedade Internacional Galicia (SIG)

Código/s CRS: 99820 Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento

Zona de actuación: Galicia

Axuda Xunta de Galicia: 34.731 € (2019: 13.892,40 €; 2020: 20.838,60 €)

05. Investigación-Acción-Formación para fortalecer a educación e integración do dereito ao hábitat en centros educativos de secundaria e entre axentes multiplicadores clave en Galicia. Fase I

Axente: Arquitecturas sen Fronteiras

Código/s CRS: 99820 Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento

Zona de actuación: Galicia

Axuda Xunta de Galicia: 34.860,00 € (2019: 13.944,00 €; 2020: 20.916,00 €)

06. De Ítaca a Ávalon: Da igualdade na educación á coeducación para a transformación social e polo dereito a unha vida libre de violencia machista. Fase I

Axente: InteRed Galicia

Código/s CRS: 99820 Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento

Zona de actuación: Galicia

Axuda Xunta de Galicia: 34.971,32 € (2019: 13.988,53 €; 2020: 20.982,79 €)



6. Actuacións de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global

07. Investigando no territorio para coñecer e recoñecer os centros educativos que traballan educación para o desenvolvemento e cidadanía global en Galicia. Fase II

Axente: Solidariedade Internacional de Galicia (SIG) agrupada coa Universidade da Coruña (UDC)

Código/s CRS: 99820 Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento

Zona de actuación: Galicia

Axuda Xunta de Galicia: 43.377,67 € (2019: 17.351,07 €; 2020: 26.026,60 €)

08. Adestro Conciencia: deporte, comercio xusto e consumo responsable comparten valores en Galicia. Fase III

Axente: Fundación Taller de Solidaridad

Código/s CRS: 99820 Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento

Zona de actuación: Galicia

Axuda Xunta de Galicia: 31.869,65 € (2019: 12.747,86 €; 2020: 19.121,79 €)

09. Outra Historia! - Oh!

Axente: ONG Ecos do Sur agrupada con USC

Código/s CRS: 99820 Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento.

Zona de actuación: Galicia

Axuda Xunta de Galicia: 27.607,44 € (2019: 11.042,98 €; 2020: 16.564,46 €)

10. Fortalecemento da Rede de Eco Hortas escolares

Axente: Amigos da Terra

Código/s CRS: 99820 Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento.

Zona de actuación: Galicia

Axuda Xunta de Galicia: 18.020 € (2019: 7.208 €; 2020: 10.812 €)

11. Rede Solidaria da Mocidade: cidadanía global, apoderamento e participación para o cambio social dos grupos solidarios no curso 2019/2020

Axente: Fundación Entreculturas - Fe y Alegría

Código/s CRS: 99820 Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento

Zona de actuación: Galicia

Axuda Xunta de Galicia: 35.000 € (2019: 14.000 €; 2020: 21.000 €)

12. Fame Cero: Formación, participación e mobilización educativa polo dereito humano á alimentación no marco dos ODS. Fase II

Axente: Manos Unidas

Código/s CRS: 99820 Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento

Zona de actuación: Galicia

Axuda Xunta de Galicia: 35.000 € (2019: 14.000 €; 2020: 21.000 €)



13. Construíndo cidadanía global para a transformación social a través da Aprendizaxe- Servizo (ApS)

Axente: Farmacéuticos Mundi agrupada coa Universidade de Santiago de Compostela (USC)

Código/s CRS: 99820 Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento

Zona de actuación: Galicia

País: España

Axuda Xunta de Galicia: 33.828,76 € (2019: 6.828,76 €; 2020: 27.000 €)

6.3 Convenios de colaboración de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global

6.3.1 Convenios de colaboración do ano 2020

No ano 2020 asináronse dous convenios de colaboración para levar a cabo os seguintes proxectos no ámbito da educación para o desenvolvemento e a cidadanía global.

01. A Axenda 2030, un reto local nun mundo en transformación

Axente: Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade

Código/s CRS: 99820 Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento

Zona de actuación: Galicia

País: España

Rexión: Europa

Descrición: o proxecto xorde da experiencia acumulada do Fondo Galego nos seus 23 anos de andaina, así como das demandas e vontades das administracións locais socias. Tivéronse en conta asemade as principais debilidades detectadas para a difusión e implementación dos ODS no eido local, buscando actividades que resultaran atractivas e novidosas. Por outra banda, a participación de concellos de menos de 50.000 habitantes está garantida, sendo un obxectivo para o Fondo Galego promover actividades destinadas aos concellos pequenos e medianos en función da súa poboación.

O proxecto ten como obxectivo específico promover a implicación dos concellos e deputacións galegas no cumprimento da Axenda 2030 e a cooperación ao desenvolvemento.

6. Actuacións de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global

Obxectivos:

Obxectivo xeral: fortalecidas, con sinerxía e coordinación, as políticas públicas municipais de cooperación ao desenvolvemento e o cumprimento da Axenda 2030.

Obxectivo específico: promovida a implicación dos concellos e deputacións galegas na consecución dos ODS e na cooperación ao desenvolvemento.

Poboación beneficiaria:

Directa: 34 entidades locais galegas e 18 entidades locais de países de lingua oficial portuguesa. Tamén 33 persoas electas municipais galegas, representantes das súas entidades locais das que 16 son mulleres e 17 homes; 202 persoas de administracións locais galegas, das que 150 son mulleres e 52 homes, concretamente as persoas representantes política e técnica en cada unha das 101 entidades locais socias; 1 persoas representantes do municipalismo galego, das que 1 é home; 9 persoas representantes do municipalismo dos países lusófonos, das que 3 son mulleres e 6 son homes; 16 persoas representantes das administracións locais galegas, dos que 10 son mulleres e 6 son homes 9 persoas representantes de administracións locais ou rexionais.

Indirecta:

- 98 entidades locais socias do Fondo Galego que non participarán directamente no apoio a concellos para elaboración de plans de implementación dos ODS a nivel local, pero que se beneficiarán das leccións aprendidas.
- 213 administracións locais galegas que aínda non son socias do Fondo Galego.
- 213 persoas representantes políticas de administracións locais galegas non socias do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade e 185 persoas doutras entidades do sector e cidadanía en xeral, que recibirán os materiais de difusión sobre os ODS e que poderán acceder á formación online.

- 98 persoas de administracións locais galegas e entidades colaboradoras do Fondo Galego que recibirán a axenda de 2021 do Fondo Galego.
- Integrantes da Rede Municipalista Solidaria do Fondo Galego, xa que serán informadas de todas as actividades realizadas 101 representantes políticas e 101 representantes técnicas, das que 150 son mulleres e 52 son homes.

Avaliación: prevista

Axuda Xunta de Galicia: 60.000 € (2020)

02. Cooperación galega: o mundo que queremos 2020-2021

Axente: Solidariedade Internacional Galicia (SIG), Asociación Galega de Reporteiros Solidarios (AGARESO) e Asemblea de Cooperación pola Paz (ACPP)

Código/s CRS: 99820 Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento

Zona de actuación: Galicia

País: España

Rexión: Europa

Descrición: este proxecto constitúese como a oitava edición dunha iniciativa que se caracteriza por formar parte do Plan Proxecta da Consellería de Educación da Xunta de Galicia de xeito colectivo e participado por distintas entidades con experiencia no eido da EDCG, tendo como novidade a de enfrontar o reto de levar a EDCG á contorna virtual.

Esta intervención é unha iniciativa dirixida a 500 alumnos e alumnas dos centros de secundaria xunto co seu profesorado, seleccionados entre aqueles que soliciten a presente proposta no marco do programa Plan Proxecta. O obxectivo principal é de fomentar unha adolescencia galega consciente da interconexión entre realidades locais e dinámicas globais e apoio no

6. Actuacións de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global

exercicio da súa corresponsabilidade na construción da xustiza social. Deste xeito, cóntase co grupo de alumnado e profesorado para afondar nas desigualdades sociais existentes e as causas que as perpetúan con especial atención a realidade dos países empobrecidos nos que traballa a Cooperación Galega, sendo os ODS a temática condutora da proposta e a comunicación comunitaria a ferramenta metodolóxica e elemento vertebrador das accións que se desenvolven

Obxectivos:

Obxectivo xeral: fomento dunha adolescencia galega consciente da interconexión entre realidades locais e dinámicas globais e apoio no exercicio da súas corresponsabilidade na construción da xustiza social.

Obxectivo específico: contribuír ao fomento dunha adolescencia galega consciente da interconexión entre realidades locais e dinámicas globais e apoio no exercicio e apoio no exercicio da súa corresponsabilidade na construción da xustiza social.

Poboación beneficiaria:

Directa: 512 persoas, as cales se dividen nos grupos de alumnado e profesorado. O total de alumnado será 500 menores por centro (200 rapaces e 300 rapazas), mentres que o total do profesorado serán 12 persoas (7 mulleres e 5 homes).

Indirecta: 2.260 persoas (1.256 mulleres e 1.004 homes), configuradas entre as familias do alumnado, profesorado implicado no proxecto e o resto de alumnado e profesorado do centro non vinculado.

Avaliación: prevista

Axuda Xunta de Galicia: 70.000,06 € (2020: 24.463,06 €; 2021: 45.537,00 €)

6.3.2 Convenios de colaboración do ano 2019

Convenio de colaboración con Solidariedade Internacional de Galicia (SIG), agrupada con Asociación Galega de Reporteiros Solidarios (AGARESO), Asemblea de Cooperación pola Paz (ACPP) e Fundación Educación e Cooperación (Educo) para a execución do proxecto Cooperación galega: O mundo que queremos 2019-2020

Axente: Solidariedade Internacional de Galicia (SIG) agrupada con Asociación Galega de Reporteiros Solidarios (AGARESO), Asemblea de Cooperación pola Paz (ACPP) e Fundación Educación e Cooperación (Educo)

Zona de actuación: Galicia

Axuda Xunta de Galicia: 70.000 € (2019: 17.269,87 €; 2020: 52.730,13 €)



6.4 Convocatoria 2019 de proxectos e de creación de grupos de investigación para o desenvolvemento

01. Formación teórica e metodolóxica, elaboración, aplicación e validación de materiais educativos no Programa de Educaçao Bilingue de Mozambique

Axente: Universidade de Vigo. Facultade de Filoloxía e Tradución. Dpto: Tradución e Lingüística

Código/s CRS: 99820

País: Mozambique

Axuda Xunta de Galicia: 30.000 € (2019: 15.000 €; 2020: 15.000 €)

02. Creación do "Grupo interuniversitario de investigación en cooperación técnica para o desenvolvemento sustentable"

Axente: Universidade da Coruña. ETS de Camiños, Canais e Portos. Dpto: Enxeñería Civil, agrupada con Enxeñería sen Fronteiras Galicia e Arquitectura sen Fronteiras Galicia

Código/s CRS: 99820

País: España

Axuda Xunta de Galicia: 35.000 € (2019:17.500 €; 2020:17.500 €)

03. A EDCG na formación dos profesionais da educación: construíndo o ámbito de educación. As titulacións da Facultade de Ciencias da Educación da USC. Fase II

Axente: Universidade de Santiago de Compostela. Facultade de Ciencias da Educación. Dpto: Pedagogía e Didáctica, agrupada con Solidariedade Internacional de Galicia

Código/s CRS: 99820, 11182

País: España

Axuda Xunta de Galicia: 30.000 € (2019: 15.000 €; 2020: 15.000 €)

04. Mediación lingüística para a cooperación ao desenvolvemento

Axente: Universidade de Vigo. Facultade de Filoloxía e Tradución. Dpto: Tradución e Lingüística

Código/s CRS: 99820

País: España

Axuda Xunta de Galicia: 30.000 € (2019: 15.000 €; 2020: 15.000 €)

05. Cooperación para o Desenvolvemento Litoral Sustentable (Cátedra UNESCO)

Axente: Universidade de Vigo, Cátedra UNESCO. Facultade de Ciencias do Mar. Dpto: Xeociencias mariñas e ordenación do territorio

Código/s CRS: 99820

País: España

Axuda Xunta de Galicia: 25.000 € (2019: 12.500 €; 2020: 12.500 €)

7. Actuacións de consolidación e fortalecemento

7.1 Convenios de colaboración para actividades de fortalecemento

Como en anos anteriores, no 2020 asinouse un convenio de colaboración coa Coordinadora Galega de ONGD, co obxectivo de continuar fortalecendo o tecido das ONGD galegas e da propia coordinadora.

Mellora das capacidades da Coordinadora Galega de ONGD para fortalecer as ONGD galegas e defender obxectivos comúns de incidencia política e social para o progreso da política pública de cooperación ao desenvolvemento e a transformación social en Galicia

Axente: Coordinadora Galega de ONG para o Desenvolvemento (CGONGD).

Código/s CRS: 99820 Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento

Zona de actuación: Galicia

País: España

Rexión: Europa

Descrición: o proxecto pretende establecer as liñas base a través das cales mellorar as capacidades da Coordinadora Galega de ONGD para fortalecer ás ONGD galegas e defender os obxectivos comúns de incidencia política e social, co fin de promover o progreso da política pública de cooperación ao desenvolvemento e a transformación social en Galicia. Tales liñas baséanse nos seguintes aspectos:

- Seguir mellorando e reforzando os servizos que ofrece a Secretaría Técnica da Coordinadora ás ONGD integradas con criterios de eficacia, impacto e satisfacción (asesoramento, comunicación interna etc.) así como seguir apostando por impulsar un traballo de comunicación externa que acompañe as liñas de sensibilización

e incidencia política e reforce a posición da Coordinadora como axente referente de cooperación en Galicia.

- Impulsar a mellora continua e a actualización e adaptación das ONGD a través da formación técnica, a innovación e o intercambio de experiencias entre as organización e xunto a outros axentes educativos e de cooperación. Tamén, fomentando procesos de reflexión sobre o seu propio labor e o papel da política na que se insiren: a política de cooperación ao desenvolvemento.
- Propiciar mecanismos e procesos oportunos para que a Coordinadora continúe actuando coa máxima lexitimidade como representante das ONGD galegas. Fomentado a transparencia e bo goberno das súas socias, conseguindo aumentar o número de entidades integradas e a súa satisfacción co traballo que desenvolvemos. Tamén propiciando contornos axeitados para que a toma de decisións e a definición de estratexias comúns e compartidas.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: contribuír a mellorar o sector galego de cooperación ao desenvolvemento mediante o fortalecemento da Coordinadora Galega de ONG para o Desenvolvemento.

Obxectivo específico: mellora das capacidades da Coordinadora Galega de ONGD para fortalecer ás ONGD galegas e defender obxectivos comúns de incidencia política e social para o progreso da política pública de cooperación ao desenvolvemento e a transformación social en Galicia.

Poboación beneficiaria:

Directa: 1.733 persoas (1.181 mulleres e 552 homes), configurada por voluntariado e persoal laboral das ONGD socias.

Indirecta: 21.422 persoas (12.849 mulleres e 8.573 homes), principalmente persoas socias das ONGD.

Axuda Xunta de Galicia: 100.000 € (2020)

8. Formación

8.1 Bolsas de formación de persoas expertas en cooperación para o desenvolvemento

Ao igual que en anos anteriores, no 2020 previáase convocar 6 bolsas de formación, pero debido ás circunstancias excepcionais derivadas da pandemia da COVID-19, que impediron o aproveitamento do ano completo de formación das persoas bolseiras beneficiarias da convocatoria do ano 2019, e ante as dificultades que presentaba a posta en marcha dunha nova convocatoria de bolsas no 2020, pola incerteza ante a evolución da pandemia e as dificultades que podería levar consigo a efectos sanitarios o desprazamento aos países de destino, tomouse a decisión de prorrogar as bolsas convocadas no 2019, con destino, 4 delas, nas oficinas técnicas de Cooperación da AECID en Guatemala, A República Dominicana, O Perú e Mozambique e 2 na sede da DXRREE e coa UE.

A Orde de prórroga foi publicada no DOG núm. 137, do 10 de xullo de 2020. O orzamento destinado á devandita prórroga foi de 95.000 € (40.000 € para o ano 2020 e 55.000 € para o 2021), ao que hai que engadir-lle o orzamento correspondente para a cobertura da Seguridade Social das persoas bolseiras.

8.2 Outras actividades formativas

- Ao abeiro do convenio de colaboración asinado coa Coordinadora Galega de ONGD para a execución do proxecto “Mellora das capacidades da Coordinadora para fortalecer as ONGD galegas e defender obxectivos comúns de incidencia política e social para o progreso da política pública de cooperación ao desenvolvemento e a transformación social en Galicia”, impartíronse catro cursos de formación de ámbito autonómico, para o fortalecemento do persoal técnico das ONGD galegas, nas seguintes temáticas:

1. “Ferramentas, metodoloxías e habilidades para traballar a Educación para a Cidadanía Global dende o espazo virtual” ao que asistiron 29 persoas.
2. Curso sobre “Procesos, usos e necesidades para o traballo en liña nas organizacións” ao que asistiron 26 persoas.
3. “Enfoque de Xénero baseado nos dereitos humanos” que contou coa asistencia de 30 persoas.
4. Curso de “Xestión baseada en Resultados de desenvolvemento” cuxa asistencia foi de 28 persoas.

Xunto a estes, persoal galego das ONGD e membros da Xunta Directiva da Coordinadora Galega de ONGD, formáronse no marco dos cursos ofertados pola Coordinadora Estatal sobre: oportunidades de financiamento e licitacións, estratexias de comunicación dixital e voluntariado.

Tamén se participou no “V Congreso Internacional de Estudos do Desenvolvemento de Hegoa. “Desafíos ao desenvolvemento: procesos de cambio cara á xustiza global”.

- Ao abeiro do convenio de colaboración asinado co Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade para a execución do proxecto “A Axenda 2030, un reto local nun mundo en transformación” púxose en marcha unha plataforma en liña de formación sobre municipalismo e ODS, e ofertouse o primeiro curso, ‘Localizando a Axenda 2030: O papel clave dos municipios na consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible’, ao que asistiron 20 persoas representantes políticas ou técnicas da Administración local galega. Acompañouse tamén a 3 concellos (Cabanas, Pontedeume e San Sadurniño) na elaboración dos Plans de implementación da Axenda 2030.

9. Coordinación institucional

9.1 Comisiones, grupos de traballo e outros foros

A pesar das dificultades xeradas pola crise da COVID-19, ao longo do 2020 representantes da DXRREE e coa UE participaron en reunións (presenciais ou en liña) das diferentes comisións, grupos de traballo e outros foros dos que se forma parte, tanto a nivel galego como estatal, tales como:

- Grupo de Traballo de Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global do Congacode, no que se deu información da planificación 2020 da Cooperación Galega neste ámbito.
- Comisión Interdepartamental para o Seguimento da Axenda 2030 en Galicia, no marco da cal se presentou o “Informe sobre as Conclusións do Diagnóstico da Axenda 2030 en Galicia”.
- Comisión de Seguimento do Convenio entre a Cooperación Descentralizada e a AECID para a actuación conxunta e coordinada en materia de acción humanitaria, na que se consensuaron as intervencións a financiar no 2020.
- XIII Encontro Anual de Comunidades Autónomas e Cooperación, que no 2020 foi organizado polo Goberno vasco, e no que se profundou sobre os sinais de identidade da cooperación descentralizada para o desenvolvemento, identificando os seus retos e oportunidades.
- Plataforma de Elaboración e Seguimento da Estratexia de Resposta Conxunta da Cooperación Española á Crise da COVID-19, a través das cales se realizaron as aportacións de Galicia á citada estratexia.
- Grupo de Traballo de Educación para o Desenvolvemento do Consello español de Cooperación para el Desenvolvemento, no marco do cal se está traballando para que a Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global sexa tida en conta e incorporada axeitadamente no proceso de reforma do sistema da Cooperación Española en marcha e na nova Lei de Educación.
- Plataformas de Consulta en Sede (PCS) e Equipos País Ampliado (EPA), creados no marco dos procesos de elaboración e seguimento dos Marcos de Asociación País (MAP). Concretamente participouse nos procesos abertos para Mozambique, O Perú, A República Dominicana e Guatemala.

Polo que respecta ao Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento (Congacode), a reunión anual para informar sobre o proxecto do Plan anual 2021 da Cooperación Galega tivo lugar en xaneiro de 2021 debido ao atraso na confección dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, nos que se recollen os recursos destinados ao programa de cooperación para o desenvolvemento para o exercicio orzamentario 2021.

9.2 Declaración conxunta das cooperación descentralizadas en resposta á crise da COVID-19

No mes de maio de 2020 a Xunta presentou unha declaración conxunta con todas as CCAA e 9 fondos de cooperación baixo o lema “Da crise sáese cooperando”, enmarcada na crise da COVID-19 e a través da cal conveñen sinalar un xesto conxunto de solidariedade ao destinar entre todos 2 millóns de euros aos campamentos saharauís e á poboación refuxiada palestina.

A declaración persegue un obxectivo común que é o de situar no centro o benestar e a vida digna de todas as persoas e futuras xeracións. Así, segundo se recolle no documento, as comunidades autónomas e entes locais apostan por consolidar alianzas e consensos políticos e sociais que lle permitan á

cooperación continuar investindo e contribuíndo a garantir un presente e un futuro sen deixar a ningún atrás, cunha clara aposta polo consenso dentro da política de cooperación para o desenvolvemento.

Neste sentido, e ante os impactos ocasionados pola COVID-19 nas distintas sociedades, que acelerarán sen dúbida unha transformación global tanto a nivel económico, como social e político, desde a cooperación descentralizada propónse abordar os desafíos existentes desde unha perspectiva local-global, que sexa coordinada e complementaria.

Cada comunidade autónoma mantén as súas propias políticas de cooperación e liñas de subvencións e axudas. Esta iniciativa conxunta é un xesto para exemplificar e poñer de manifesto o compromiso coa solidariedade local global e o papel que as comunidades autónomas teñen que seguir desempeñando pola cooperación para o desenvolvemento.




9.3 Proceso participativo de elaboración dunha estratexia de resposta á COVID-19 da Cooperación Galega

O Informe intermedio de avaliación do IV Plan director recomendaba a elaboración participativa dunha estratexia de resposta á COVID-19, en diálogo cos axentes de cooperación e que complementase e enmarcase a planificación estratéxica nos vindeiros anos.

Por esta razón, no último cuadrimestre do 2020 a Xunta puxo en marcha un proceso participativo co obxectivo de dotar á Cooperación Galega dun consenso que permitise adaptar o seu marco estratéxico e operativo á situación de pandemia, e poder paliar os seus efectos sobre as persoas e comunidades coas que se asocia e sobre os axentes de cooperación e os seus socios.

O proceso culminou en xaneiro do 2021 coa aprobación da Estratexia de resposta á COVID-19 da Cooperación Galega, que durante a situación de pandemia constituirá o seu marco de referencia estratéxico e operativo.



10. Viaxes, visitas e reunións institucionais

10.1 Viaxe de cooperación ao exterior

Viaxe a Bolivia

Entre finais de febreiro e principios de marzo de 2020 o director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, Jesús Gamallo, acompañado da subdirectora xeral de Cooperación Exterior, Pilar Romero, realizou unha viaxe a Bolivia para coñecer os distintos proxectos de cooperación para o desenvolvemento levados a cabo no país co apoio da Xunta de Galicia.

Durante a viaxe visitaron na zona de Santa Cruz de la Sierra proxectos de cooperación para o desenvolvemento promovidos pola Asociación 1.º de Maio,

co obxectivo de mellorar a asistencia sanitaria no Hospital Universitario Hernández Vera e de ampliar a oferta educativa da escola técnica-integral San Alonso para mellorar a empregabilidade dos seus alumnos. A delegación galega tamén viaxou ao municipio de Poroma para coñecer as actuacións executadas no marco dun proxecto da ONGD Fundación Fabre relacionado coa mellora da dispoñibilidade de recursos básicos para o acceso educativo nas unidades educativas de Cucuri e San Juan de Horcas.

Nas últimas xornadas coñeceron as actuacións executadas pola ONGD Fundación Cume para o Desenvolvemento de Culturas e Pobos no marco do Programa de desenvolvemento socioeconómico territorial da Mancomunidade do Gran Potosí, centrado no fomento do sector agrícola e, en concreto, da produción de faba.





10.2 Visitas e reunións institucionais

A diferenza de anos anteriores, durante o 2020, como consecuencia da pandemia da COVID-19, só se recibiu unha visita institucional na sede da DXRREE e coa UE de representantes de socios locais no terreo dos axentes galegos de cooperación para o desenvolvemento, en concreto a visita dunha delegación de Fe y Alegría Ecuador.

Polo que respecta ás reunións institucionais, no ano 2020 celebráronse dúas xuntanzas bilaterais do vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, Alfonso Rueda, con representantes da Coordinadora Galega de ONGD:

- No mes de abril tivo lugar unha reunión en liña na que a coordinadora lle transmitiu a preocupación do sector pola situación que afrontan as comunidades coas que se está a traballar nos países socios da Cooperación Galega ante a pandemia da COVID-19.

- No mes de decembro tivo lugar unha reunión presencial cun dobre obxecto: por unha parte, informar á coordinadora, por parte do vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo sobre a planificación que se estaba a deseñar de cara ao ano 2021 e, por outra, coñecer cal era a situación que afrontaban as ONGD galegas e as comunidades coas que traballan nos países socios da Cooperación Galega, tendo en conta a situación de pandemia global, para debater sobre as súas necesidades e demandas máis urxentes.

Doutro lado, o director xeral de RREE e coa UE e o equipo da Subdirección Xeral de Cooperación Exterior mantiveron ao longo do ano reunións con representantes dos diferentes axentes de cooperación.





II. Transparencia e rendición de contas

II.1 Publicacións

Publicación do Informe 2019 da Cooperación Galega

No 2020, ao igual que nos anos anteriores, editouse en formato dixital o Informe 2019 da Cooperación Galega, publicado na páxina web co fin de lle dar a coñecer á sociedade galega a política de cooperación que se leva a cabo desde Galicia.



II.2 Avaliacións

- **Informe intermedio de seguimento do IV Plan director da cooperación galega 2018-2021**

No ano 2020 realizouse unha análise intermedia do IV Plan director da cooperación galega 2018-2021. O obxectivo desta análise foi o de revisar o progreso no cumprimento dos compromisos, valorar a adecuación das previsións do Plan director aos novos contextos e detectar propostas de mellora para os resultados con dificultades na súa consecución.

Unha das conclusións do devandito informe é que se está avanzar no logro dos resultados e indicadores previstos no IV Plan director da cooperación galega, xa que 27 dos 32 indicadores están a ser acadados plena e satisfactoriamente. O informe resultante desta análise está dispoñible na páxina web da Cooperación Galega.

- **Avaliación expost das intervencións financiadas en Guatemala**

No Plan anual 2020 da Cooperación Galega estaba prevista a avaliación final das intervencións financiadas dende 2010 en Guatemala, país destinatario tradicional da axuda da Cooperación Galega. Con todo, ante a situación de emerxencia global provocada pola COVID-19 non se puido levar a cabo e decidiuse retrasar a devandita avaliación ao 2021, se as circunstancias o permiten.

II.3 Páxina web da Cooperación Galega

A información relativa ás actividades da Cooperación Galega está dispoñible na páxina web da Cooperación Galega, <https://cooperacion.xunta.gal>, de xeito que tanto os axentes de cooperación como a cidadanía poidan exercer o seu dereito á información.

